

ANEXOS

-  Xustificación do cumprimento dos estándares da L.O.U.G.A. nos S.U.N.C.
-  Avaliación económica dos S.U.N.C. desenvolvidos.

CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NA L.O.U.G.A. PARA OS S.U.N.C.

Co fin de lle dar cumprimento ao sinalado no incorporado na Lei 6/2008 sobre as previsións das vivendas suxeitas a algún réxime de protección, procédese a sinalar as previsións efectuadas desde o PXOM.

Cadro XI.1 – VIVENDAS DE PROTECCIÓN PÚBLICA EN S.U.N.C.				
Distrito	Edificabilidade Total	Vivendas protección pública	Edificabilidade V.P.P. m²t	Porcentaxe
2	173.496,00	SUNC P-4	2.650,60	33%
		SUNC P-17	7.184,80	
		SUNC P-18	5.877,98	
		SUNC P-19	19.871,39	
		SUNC P-26	3.788,22	
		SUNC P-27	2.202,23	
		SUNC P-28	2.506,97	
		SUNC P-30	5.298,00	
		SUNC P-33	5.342,34	
		SUNC P-36	714,72	
		SUNC P-38	2.105,40	
			57.542,65	
3	146.813,23	SUNC P-9	2.764,30	33%
		SUNC P-10	4.849,20	
		SUNC P-11	819,68	
		SUNC P-12	6.115,71	
		SUNC P-13	6.733,06	
		SUNC P-21	5.729,84	
		SUNC P-22	13.915,77	
		SUNC P-23	7.651,80	
			48.579,36	
4	17.162,54	SUNC P-35	5.723,39	33%
			5.723,39	
5	49.279,79	SUNC P-41	2.452,32	33%
		SUNC P-43	5.353,79	
		SUNC P-15	8.508,12	
			16.314,23	

Do sinalado neste cadro infírese que: todos os S.U.N.C. teñen a mesma porcentaxe: 33%. Así mesmo, e como complemento ao reflectido nos Cadros I, procédese á recollida daqueles aspectos non reflectidos neles.

Cadro XI.2 – EDIFICABILIDADES E APROVEITAMENTOS EN S.U.N.C.				
Distrito	Polígono (SUNC)	Coficiente de edificabilidade m²t/m²s	Aproveitamento m²t uso característico ou predominante	Aproveitamento tipo m²t de uso característico ou predominante/m²s
2	P- 4	0,990844	7.158,55	0,854433 de RX
	P-16	0,663958	5.517,40	0,663958 de RX
	P-17	0,939652	17.333,52	0,681660 de RU
	P-18	0,946554	12.935,73	0,689810 de RU
	P-19	0,983406	34.225,51	0,797840 de RX
	P-26	0,962670	7.955,25	0,808643 de RX
	P-27	0,959888	5.371,60	0,847526 de RX
	P-28	0,996032	4.758,37	0,822662 de RX
	P-30	0,999975	5.298,00	0,999975 de RXVP
	P-31	0,472344	5.520,28	0,472344 de RU
	P-32	0,462321	4.032,56	0,462321 de RU
	P-33	0,840681	21.710,76	0,886864 de RX
	P-36	0,954884	4.688,63	0,900006 de RX
	P-37	0,955313	7.748,18	0,935099 de RX
	P-38	0,964267	5.475,82	0,835734 de RX
3	P-2	0,961719	6.553,12	0,961719 de RU
	P-5	0,951181	1.349,64	0,951181 de RX
	P-6	0,945101	3.497,08	0,945101 de RX
	P-7	0,958956	1.997,78	0,958956 de RU
	P-8	0,970110	1.677,59	0,970110 de RX
	P-9	0,980302	11.179,36	0,817964 de RU
	P-10	0,857719	17.567,34	1,373250 de RXVP
	P-11	0,692050	6.834,40	0,931534 de RU
	P-12	0,973165	10.393,61	0,794648 de RX
	P-13	0,871758	11.632,44	0,707867 de RX
	P-20	0,955479	1.316,48	0,955479 de RX
	P-21	0,955809	9.424,23	0,768832 de RX
	P-22	0,973025	34.149,45	0,905997 de RX
4	P-23	0,857588	19.014,75	0,779144 de RX
	P-24	0,513860	909,59	0,513860 de RU
	P-25	0,483954	2.265,58	0,483954 de RU
	P-34	0,484536	1.984,92	0,484536 de RU
5	P-35	0,573689	9.026,29	0,431435 de RU
	P-39	0,541424	2.928,14	0,541424 de RU
	P-40	0,551932	1.625,94	0,551932 de RU
	P-41	0,779195	2.490,43	0,791303 de RXVP
	P-42	0,800960	3.462,62	0,800960 de RU
	P-43	0,973782	9.850,77	0, 811041 de RU
	P-14	0,969686	4.448,54	0,999162 de RU
	P-15	0,978185	19.614,40	1,487270 de RXVP
	PERI-1	0,970000	9.765,59	0,970000 de RXVP
RG = Residencial Xenérico; RU = Residencial Unifamiliar; RXVP = Residencial Xenérico de protección pública.				

Como se pode observar no anterior cadro, o exposto no epígrafe “Xustificación do Solo Urbano” compréndese facilmente xa que, dentro dos distritos, resultan edificabilidades semellantes, agás peculiaridades como podan ser:

- Edificabilidade outorgada mediante convenio (S.U.N.C. P-16);
- Edificabilidades baixas, dadas as edificacións existentes e co fin de completar a urbanización (S.U.N.C. P-31, S.U.N.C. P-32, S.U.N.C. P-39, S.U.N.C. P-40 e os do distrito 4;
- Aproveitamentos similares en zonas próximas;
- Aproveitamentos dispares cando o uso característico ou predominante está sometido a algún réxime de protección;
- Aproveitamentos algo dispares se dentro do polígono se fai inclusión ou non de vivendas de protección co fin de cumprir cos requirimentos que fixa a LOUGA.
- Inclusión ou non no S.U.N.C. dalgún réxime de protección pública, en función da situación e dos usos previstos, así como edificacións existentes.

Pódese afirmar que, á vista dos datos obtidos e sobre a base das explicacións anteriores, a elección dunha área de repartimento para cada ámbito de S.U.N.C. cumpre co previsto no artigo 112 da LOUGA, así como o feito de considerar ou non sistemas xerais incluídos.

No tocante á xustificación dos aproveitamentos, cabe sinalar que para o seu cálculo se partiu dos usos e tipoloxías existentes, coa aplicación dos coeficientes correspondentes e que figuran na Normativa con motivo dos coeficientes de homoxeneización, cuxa xustificación se atopa no Anexo correspondente deste documento, así como a determinación de uso característico o dominante, en función de acoller ou non vivenda de protección pública. No entanto, para comprender os resultados que se reflicten no Cadro XIII, hai que ter en conta:

- As superficies netas reflectidas nos planos TVP a escala 1:1.000.
- As edificabilidades asignadas e recollidas nos planos APXOU a escala 1:1.000.
- A relación entre si dos coeficientes de homoxeneización reflectidos na Normativa, segundo o uso predominante ou característico, o cal terá o valor “1”.

Deste xeito, se obteñen os seguintes resultados:

Cadro XII – CÁLCULO DO APROVEITAMENTO DOS S.U.N.C.

Distrito	SUNC	Uso predo- minante ou característico	Aproveitamento
2	P- 4	RX	$(1920,76+698,07)*2*1+1325,3*2*0,6+1032,91*0,4*0,8$
	P-16	RX	$(560,03+819,32)*4*1$
	P-17	RU	$(1165+6171,88)*1,2*1+3677,78*0,6*3,5*0,69+(3677,78*0,4*3,5+484,74*4,2)*0,41+90,72*2*1$
	P-18	RU	$(1052,99+4701,5)*1,2*1+2365,23*0,6*3,5*0,69+(2365,23*0,4*3,5+611,11*4,2)*0,41+1931,46*0,10$
	P-19	RX	$2364,79*3*0,6+(1763,37+1389,74*0,5+1476,95*0,5+669,16)*3,3*0,6+(1821,84+2392,27+1389,74*0,5+1476,95*0,5+1114,5)*3,3$
	P-26	RX	$(4735,27*0,6*1+4735,27*0,4*0,6)*2$
	P-27	RX	$(16,85+87,08)*6*1+234,6*4,5*1+2202,23*2*1*0,5+2202,23*2*0,6*0,5+1124,99*0,15$
	P-28	RX	$879,51*3,7*1+677,56*3,7*0,6$
	P-30	RXVP	5298*1
	P-31	RU	$(1150,76+3312,11+605,18+1470,83+1241,88+1419,7)*0,6*1$
	P-32	RU	$(3945,83+2775,11)*0,6*1$
	P-33	RX	$(4978,67+351,78+720,5)*1,2*1,45+(559,29+770,16)*6*1+890,39*6*0,6$
	P-36	RX	$1029,25*2*1+357,36*2*0,6+(578,79+619,76+177,26)*1,6*1$
	P-37	RX	$(836,56+924,39)*4,4*1$
	P-38	RX	$(484+484,41)*4,35*1+484*4,35*0,6$
3	P-2	RU	$(740,34+1768,41+1107,31+1601,62+739,7)*1,1*1$
	P-5	RX	449,88*3*1
	P-6	RX	1748,54*2*1
	P-7	RU	1479,84*1,35*1
	P-8	RX	578,48*2,9*1
	P-9	RU	$552,86*5*0,41+689,49*2,75*0,69+(5954,31+1327,1)*1,2*1$
	P-10	RXVP	$(484,92+484,92)*5*1+560*5*1,67+(2202,32*1,4+199,96*1,2)*2,42$
	P-11	RU	$(3012,07+1752,41+650,8)*1,2*1+409,84*2*0,41$
	P-12	RX	$(4192,51+2554)*0,51*1,85*1+164,99*1,5*1,45+(4192,51+2554)*0,49*1,85*0,6$
	P-13	RX	$7162,83*0,47*2*0,6+7162,83*0,53*2*1$
	P-20	RX	405,07*3,25*1
	P-21	RX	$(1326,36+720,01)*2,8*0,6+512,59*2,8*1+2936,18*1,55*1$
	P-22	RX	$645,25*3*1+4638,59*3*0,6+(1383,49+2878,57)*1,85*1+(3178,81+355,12)*1,75*1+(1148,07+3715,45+765,82)*1,2*1,45$
	P-23	RX	$(1275,73+2357,91)*0,6*1,45+2073,45*3*1+(512,19+448,73+739,48)*4,5*0,6+305,94*1,2*1,45+(724,36+564,13)*3,5*1$
4	P-24	RU	1515,98*0,6*1
	P-25	RU	$(1197,64+2578,33)*0,6*1$
	P-34	RU	2646,56*0,75*1
	P-35	RU	$5215,17*1,4*0,86*1+(5215,17*0,14+3358,01)*1,4*0,48$
5	P-39	RU	$(1797,63+2385,43)*0,7*1$
	P-40	RU	2032,42*0,8*1
	P-41	RXVP	613,08*4*1+152,43*0,25
	P-42	RU	1923,68*1,8*1
	P-43	RU	$(5277,17*0,78+863,5)*1,3*1+(5277,17*0,22*1,3)*0,48+(961,13*4)*0,69$
	P-14	RU	2977,45*1,45*1+1312,38*0,10
	P-15	RXVP	$(821,41+1923,82)*1,6*2,42+(575,03+2261,01)*3*1+1906,98*0,25$
	PERI-1	RXVP	A determinar no Plan Especial

RX = Residencial Xenérico; **RU** = Residencial Unifamiliar; **RXVP** = Residencial Xenérico de protección pública.

AVALIACIÓN ECONÓMICA ESTIMATIVA

Neste apartado exprésase o custo aproximado da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización, así como unha previsión dos custos por indemnizacións, que, nalgúns casos, hai que efectuar. Así mesmo, deberán terse en conta honorarios que corresponden á redacción dos correspondentes Proxectos de Urbanización e Xestión, así como os Estudos de Seguridade e Saúde e Dirección das Obras de Urbanización. Iso dámos como resultado as previsións reflectidas seguidamente.

Distrito	Polígonos	Costes
2	P- 4	352.670,20
	P-16	71.776,40
	P-17	843.276,58
	P-18	608.573,87
	P-19	1.827.980,95
	P-26	737.108,59
	P-27	548.544,96
	P-28	300.751,27
	P-30	141.350,64
	P-31	359.201,23
	P-32	162.796,31
	P-33	844.115,90
	P-36	206.882,61
	P-37	532.756,92
	P-38	303.561,02
3	P-2	123.741,55
	P-5	68.504,38
	P-6	78.726,37
	P-7	57.957,35
	P-8	82.190,52
	P-9	342.274,86
	P-10	543.597,20
	P-11	132.049,44
	P-12	595.108,75
	P-13	926.274,63
	P-20	81.996,94
	P-21	330.735,39
	P-22	1.080.423,56
4	P-24	36.711,62
	P-25	130.798,42
	P-34	209.464,11
	P-35	499.227,76
5	P-39	176.986,61
	P-40	131.961,32
	P-41	72.322,01
	P-42	60.622,64
	P-43	306.705,92
	P-14	46.932,16
	P-15	176.882,60
TOTAL		15.070.729,25

3. MEMORIA dos S.U.D. con determinacións dende o P.X.O.M.

MEMORIA DOS S.U.D. CON DETERMINACIÓNS DENDE O PXOM.

INTRODUCCIÓN

Canto ao Solo Urbanizábel Delimitado (S.U.D.), o Equipo Redactor mantivo a primitiva idea de desenvolver os S.U.D. situados en Raposeiras e na Brea, se ben se accedeu, por solicitude dos Servizos Técnicos e Xurídicos, a través da Comisión de Seguimento, ao desglosamento do sector en polígonos, co fin de poder levar máis facilmente a súa xestión. Os S.U.D. son un total de dez, dos que oito están sen desenvolver (seis, residenciais, o resto industrial e terciario). Os dous próximos ao Solo Urbano son os que se desenvolven e constitúen cada un deles nunha área de repartición con dous polígonos en cada unha

Tras a segunda exposición ao público, sobre a base das alegacións, así como o novo estudo achegado desde o Concello dos servizos existentes, procedeuse ao reaxustamento no ámbito do Sector de Raposeiras, limitándose a dous os polígonos ao diminuír a superficie. O resto de S.U.D., tanto residencial como industrial e terciario, delimítase, mais non se desenvolve.

SITUACIÓN

Os Solos Urbanizábeis Delimitados sitúanse próximos ao Solo Urbano de Marín e Seixo, completando, no momento do seu desenvolvemento, a trama urbana, así como o seu uso predominante, que é o residencial, coa excepción dos previstos segundo a Disposición Transitoria Décimo terceira da LOUGA.

CARACTERÍSTICAS DOS TERREOS

Da análise actual do territorio, a maioría dos S.U.D. non teñen na actualidade un valor agrario que poida ofrecer dúbidas sobre a súa clasificación, xa que, aínda que é certo que nalgún deles existen parcelas que se seguen cultivando, o seu uso de horta está vinculado ás edificacións existentes ou están abandonadas. Todo isto, ademais, ao abeiro do recollido no parágrafo segundo do apartado a) do punto 2 do Art. 32 da LOUGA, e segundo as razóns expostas en epígrafes da Memoria Xeral.

ESTRUTURA DA PROPIEDAD

No Solo Urbanizábel Delimitado, a estrutura da propiedade é máis ben de parcelas pequenas ou medianas, aínda que en Raposeiras algunhas contan con superficies superiores ás do resto de sectores.

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS

Están reflectidas nas Normas Urbanísticas do PXOM, sen que exista normativa especial, polo que resulta de aplicación a normativa xeral. Independentemente do ámbito de equidistribución, en cada Sector respectáronse as condicións sinaladas na LOUGA para os estándares requiridos.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ORDENACIÓN

En virtude do exposto en apartados precedentes, así como o indicado na Memoria do PXOM, procedeuse á ordenación proposta, baseada en tres condicionantes físicos de suma transcendencia:

- 1º. Existencia de regachos;
- 2º. Existencia de edificacións;
- 3º. Tentar agrupar ao máximo os Sistemas Locais (equipamentos e zonas de espazos libres de uso e dominio público (parques, zonas de recreo e expansión), sen que supoña contradición co exposto na Memoria.

XUSTIFICACIÓN CUMPRIMENTO DETERMINACIÓN S LEGAIS

Tal e como se indicou nos Polígonos e Sectores delimitados no Solo Urbano Non Consolidado, tívose en conta o disposto nos artigos 46 (edificabilidade e densidade), 47 (espazos libres e equipamentos de sistemas locais), e 114 (aproveitamento tipo) e delimitacións de Polígonos da LOUGA. Así mesmo, tívose en conta o sinalado nos apartados 10 e 11 do artigo 47 en canto á reserva da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública nas porcentaxes sinaladas.

O feito de prever unha porcentaxe de vivendas no réxime de protección non iguais nos Polígonos, así como a existencia de construcións residenciais noutros, ou tipoloxías distintas ás maioritariamente previstas, provocou que os ditos ámbitos se considerasen independentes co fin de que o aproveitamento medio do ámbito de equidistribución sexa coincidente co do Polígono ou Sector.

Os prazos previstos para o desenvolvemento son os indicados nas fichas que figuran nos artigos das Normas Urbanísticas do PXOM, en concordancia co indicado no artigo correspondente aos prazos.

Os usos globais e pormenorizados, e as determinacións das zonas e a súa edificabilidade nos planos APXOU. Canto ás características propias de cada Polígono, atópanse recollidas nos planos TVP e de esquemas de servizos.

A rede de comunicacións, tanto viaria como peonil, atópase tamén reflectida nos citados planos.

SERVIZOS URBANOS

Os servizos urbanos que agora se describen prevíronse de conformidade coas instrucións e datos facilitados polas compañías subministradoras e servizos municipais. Se ben só é esixíbel a elaboración de esquemas, o Equipo Redactor considerou oportuno efectuar un predimensionamento co fin de que a avaliación económica resulte o máis real posíbel, sen que iso impida que no proxecto de urbanización poidan axustarse máis os cálculos.

a) Rede de abastecemento de auga

A rede deseñouse predimensionada tendo en conta a situación de cada Polígono ou Sector, coa idea de crear un trazado mallado a partir dunhas arterias principais, as cales se conectan coas redes existentes naqueles puntos onde os diámetros permitían os ditos empalmes.

O dimensionamento efectúase para o número máximo de vivendas previstas no ámbito de actuación, así como posíbeis conexións ou ampliacións. Considerouse un consumo medio de 700 litros por vivenda e día.

b) Rede de rego

A rede de rego efectuouse partindo das redes de abastecemento existentes e previstas, e creando en algún caso, unha rede principal da que se derivan os distintos distribuidores, os cales abastecen un número determinado de bocas de rego, tendo en conta non sobrepasar máis de 12-13 bocas, as cales no deberán estar separadas máis de 30 m, colocándose, segundo a sección transversal do viario previsto, nun lado ou en ambos, sendo neste último caso en ringleiras paralelas.

Preveuse a existencia de ramificacións do trazado principal para o rego das zonas verdes (parques, xardíns, xogos, etc.), mais será na fase de Proxecto de Urbanización onde se detalle a súa exacta situación. Nesta fase, procederase ao deseño de balsas ou estanques que permitan aproveitar a auga da choiva para logo utilizala no regadío.

c) Rede de protección contra incendios

Preveuse a colocación de bocas de incendio en columna, cunha distancia non superior aos 200 m. A súa situación atópase reflectida nos planos EA da Documentación Gráfica do PXOM.

d) Rede de saneamento

Preveuse o sistema separativo, sendo a canalización de PVC UNE 53332 para diámetros de entre 30 e 60 cm, sendo de formigón para diámetros maiores, agás que no Proxecto de Urbanización se sinale para estes últimos outro tipo de material homologado.

Intercalaranse pozos de rexistro, de xeito que ningún tramo supere os 50 m de longo. As seccións mínimas serán as indicadas nos planos e a pendente máxima non superará o 5% nin será inferior ao 0'5%. O trazado é o que se reflicte nos planos é e EP da Documentación Gráfica do PXOM.

Por regra xeral, o trazado da rede segue a pendente das vías trazadas.

e) Rede eléctrica

Os sectores vense atravesados na actualidade por varias liñas eléctricas aéreas que haberán de suprimirse e proceder a súa canalización (ver planos IRE do PXOM), situar os Centros de Transformadores, así como a canalización e distribución en baixa tensión.

Por outra banda, e canto á iluminación pública, tivéronse en conta as instrucións recibidas, coa premisa de que deberá existir un dobre circuíto en sistema bifásico, con compensación de fases, así como a distancia entre luminarias.

Deberanse ter en conta as especificacións que a continuación se sinalan, así como as que a compañía subministradora poida esixir:

- Potencia mínima para vivendas maiores de 150 m² construídos..... 8 Kw
- Potencia mínima para vivendas entre 80 e 150 m² construídos 6 Kw
- Potencia mínima para vivendas de menos de 80 m² construídos 4 Kw
- Os niveis mínimos de luminosidade serán os seguintes:
- Iluminación inicial 40 lux
- Iluminación en servizo..... 28 lux
- Uniformidade xeral 50%

- Como estándares tomaranse segundo o tránsito e uso os seguintes valores:
 - 30 lux en vías de tráfico rodado;
 - 20 lux en tránsito exclusivamente peonís e zonas verdes.

- As distancias máximas de separación entre as luminarias serán:
 - 40 m para as luminarias sobre báculo alto (iluminación calzada);
 - 20 m para as luminarias sobre poste baixo (iluminación beirarrúas);
 - 10 m entre báculo alto e poste baixo.

O cableado dentro dos ámbitos dos Sectores será subterráneo, situándose os Centros de Transformación onde se sinalaron nos planos EEA da Documentación Gráfica do PXOM, agás que a compañía subministradora, á hora do proxecto de urbanización, sinale outra localización. Os centros de mando colocaranse en lugares accesíbeis, non suxeitos a servidume, e onde o indiquen os Servizos Técnicos Municipais correspondentes.

Atenderase ao indicado no Art. 18 das Normas Urbanísticas sobre as medidas de aforro enerxético relativas ao baixo consumo, enerxías renovábeis ou alternativas e limpas.

f) Rede de gas

Procedeuse á indicación e dimensionamento dos esquemas, en virtude dos estudos efectuados para a súa posíbel canalización sobre a base dos datos facilitados pola compañía subministradora con respecto á súa rede existente. O seu desenvolvemente realízase no ámbito de Marín núcleo, dado que en Mogor e en Seixo non se téñ infraestrutura básica para elo.

g) Rede de Telecomunicacións

De conformidade coa lexislación vixente, deberanse reflectir no proxecto de urbanización as correspondentes canalizacións para telefonía e transmisións de información, co fin de que as compañías correspondentes poidan dar o servizo requirido.

Rede de telefonía: Comprenderá as redes de distribución sen considerar as redes de alimentación e as redes de dispersión. Non deberán existir lonxitudes máximas de canalizacións que superen os 150 m entre arquetas. Recoméndase unha profundidade entre 45 a 60 cm, dispoñéndose un mínimo de dous condutos por cada sección.

Rede de transmisión de información: Neste caso, terase en conta só a rede de distribución, sen considerar o sistema captador e a estación de cabeceira. A dita rede deberase compoñer das liñas de transferencia, liñas xerais ou troncos, liñas de distribución e liñas de acometida.

XUSTIFICACIÓN COHERENCIA INTERNA DA PLANIFICACIÓN

a) Situación dos Equipamentos

Os equipamentos, sempre que as edificacións existentes o posibilitaran, situáronse como se sinalou xa en documentos e apartados anteriores, naquelas zonas que permitan, unha vez cedidas, poder reagrupalas, co fin de conseguir espazos maiores e rendibilizar a súa instalación.

b) Coherencia do sistema de espazos libres

Os espazos libres públicos do Sector desenvolvido que se atopa próximo ao río ou regacho, situáronse nas súas ribeiras, co fin, non só de protexer, senón de crear uns paseos que permitan recorrer gran parte das ditas ribeiras. Non obstante, deberase efectuar un tratamento nas marxes que permita a súa limpeza e mantemento.

En cumprimento dos estándares fixados pola LOUGA, localizáronse e deseñáronse outras zonas, mais de xeito que cumpran a premisa anteriormente exposta de proximidade entre polígonos aínda que sexan S.U.N.C. no caso de Marín (Raposeiras), e co fin de obter zonas de recreo e expansión ou parques o suficientemente amplos.

DIVISIÓN EN POLÍGONOS

Cada Sector do Solo Urbanizable Delimitado constitúe unha única Área de Repartimento, estando formado cada sector por dous polígonos que constitúen o ámbito equidistribución, sendo un excedentario e o outro deficitario, debéndose proceder á súa composición mediante o mecanismo de xestión proposto.

ELECCIÓN DO SISTEMA DE ACTUACIÓN

Os Sistemas de Actuación propostos atópanse reflectidos nos Cadros ás que xa se fixo mención na presente Memoria, así como nos de cada SUD que agora é desenvolvido.

DESENVOLVEMENTO

Procédese á elaboración da documentación escrita requirida pola LOUGA no apartado 2 do Art. 57, en concordancia cos artigos 64 e 65 da citada Lei.

SECTOR R-2. – RAPOSEIRAS

MEMORIA

1. Información Urbanística.–

Nos seguintes subapartados expresaranse as circunstancias reais en que se encontran os terreos, tanto ao respecto da súa localización e características físicas, como no relativo ás edificacións e instalacións existentes, co fin de que a planificación proposta teña como base e punto de partida a análise da realidade actual, que xustificará en certa medida as determinacións proxectadas.

Cúmrese así o disposto no Art. 65 da Ley 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas modificacións:

«Os plans parciais comprenderán os planos de información, incluído o catastral, memoria xustificativa das súas determinacións, (...)»

1. Situación.

Os terreos que conforman o Sector R-2 para os que se redacta este documento, están localizados na zona central do núcleo de Marín, no lugar de Raposeiras, segundo consta nos planos de información. Teñen unha superficie irregular, en forma de “L”, e están comprendidos entre a prolongación da rúa Ezequiel Massoni, a rúa Recamán, os terreos do cemiterio, o C.E.I.P. da Laxe e o arroio existente.

A súa superficie total é de 102.126,36 m². Non ten ningunha servidume de infraestruturas, agás o indicado con respecto ao arroio existente, cuxo trazado deberá acondicionarse mediante un tratamento das súas marxes como zona de espaxemento (espazo libre de uso e dominio públicos).

02. Características naturais dos terreos.

1. Descrición.

Trátase dun sector irregular, no que algúns predios estiveron cultivados, con posterior abandono pola súa proximidade co solo urbano actual, así como a existencia de edificacións. Actualmente, e vinculadas a esas construcións, aparecen hortas de carácter familiar. A vexetación actual ten a súa importancia no espazo entre o cemiterio e o colexio, coa previsión para este caso dun espazo libre de uso e dominio públicos, propósito para o cal se muda o trazado do actual curso do arroio, que discorre polo lindeiro do colexio, e se leva o seu novo leito polo dito espazo libre.

2. Características físicas.

A característica máis importante do terreo é a súa elevación con respecto aos actuais viais de bordo desenvolvidos (rúa Ezequiel Massoni e rúa República Argentina), así como a súa pendente descendente do sur (cemiterio) cara ao norte (instituto de bacharelato). É por isto, e para lle dar cumprimento ao sinalado na lexislación de accesibilidade, así como para respectar no posíbel as edificacións existentes, que se deberá proceder a efectuar movementos de terra que permitan diminuír as pendentes nos trazados de viais propostos.

3. Edificacións existentes.

Da observación dos planos correspondentes ao levantamento e voo efectuado, así como da percepción directa do terreo, puido comprobarse a existencia de edificacións, se ben a maioría dos terreos existentes con edificacións pertencen ao Solo Urbano Non Consolidado, no ámbito do Sector pola súa parte norte (leste e oeste) existen edificacións, que se procuraron respectar ao máximo, aínda que algunha delas se viu incluída en espazos libres de uso e dominio público, debéndose ter en conta a súa existencia na xestión do ámbito de equidistribución.

4 Estrutura da propiedade do solo.

Na documentación gráfica a escala 1/2.000 recóllense as parcelas catastrais da zona, figurando ao final do documento unha ficha coa dita descrición gráfica. Trátase, na súa maioría, de predios alongados e estreitos, na zona leste do Sector, con algunhas máis cadradas no camiño, prolongación da rúa Inferniño. Na zona suroeste do Sector áchanse parcelas superiores, se ben a estrutura maioritaria segue a ser de parcelas pequenas, rectangulares e estreitas.

O ámbito do Sector recolle as seguintes parcelas, a maioría delas incluídas enteiras, excepto algunhas aparecen parcialmente:

Cadro XIII – POLÍGONOS E PARCELAS DO SECTOR R-2.	
Polígono	Parcelas
5	40-41 158-159 160-161-162-163-164-165-166-167-168-169 170-171-172-173-174-175-176-177-178 180-181-182-184-185-188-189 234-235 295-296 304-305-309 310-311-312-313-314-315-317-318-319 320-321-322-323-324-325-326-327-328-329 330-331-333-334 343-344-345-346-347-348-349 350-351-352 386-387
51320	18-19 23-24-25-26-27-28-29 30-31-32-33-34-35-36-37
53320	09-10-11-12-13-14-15 23-24-25-26-29-30-31

5. Infraestruturas existentes, abastecemento de auga e enerxía eléctrica e capacidade de evacuación.

No Sector só existe, parcialmente, unha rede de saneamento de diámetro 315 mm., que chega até a parcela 174, polo camiño ao cemiterio, que transcorre pola zona máis alta do Sector. No entanto, como se pode observar polos planos de ordenación, información e servizos, a conexión coas redes existentes das novas para realizar é factíbel a través da trama viaria existente e prevista.

Non obstante, e a pesar de se ter predimensionado todas as redes de instalacións previstas, deberá ser no proxecto de urbanización onde se concreten os diámetros e demais elementos.

É por isto que se lle deu cumprimento ao indicado no Art. 64.h).

6. Condicións urbanísticas.

No presente P.X.O.M. indícase o Sector R-2 coas seguintes características:

Superficie total	102.126,36 m ²
Calificación	Residencial
Uso característico	Residencial Xenérico de V.P.
Edificabilidade bruta	65.338,21 m ² t
Coefficiente de edificabilidade	0,693623
Aproveitamento tipo	0,824608 m ² t/m ² s
Aproveitamento	77.676,87 m ² t de uso característico
Densidade	41,52 vivendas/hectárea
Nº máximo de vivendas	424 vivendas
Altura máxima	Segundo planos A.P.G.O.U. (13 m. e 16 m.)
Espazos libres de uso e dominio públicos	39.702,93 m ² s
Espazos para equipamentos públicos	13.001,07 m ² s
Sistema de actuación	Cooperación
Determinacións:	• Atenderase ao sinalado na Normativa Urbanística do P.X.O.M. de Marín. • 45.298,34 m²t destinaránse a vivendas de protección pública, o que equivale ao 69,08 %. • 1.956,58 m²s dedicaranse para reserva de dotación autonómica, cunha edificabilidade de 0,83 m²t/m²s

2. Memoria justificativa de la ordenación.

En base ás circunstancias físicas descritas en puntos anteriores, así como na ordenación básica prevista no Plan Xeral para este Sector, sinalada no punto 6 do apartado 1, deseñouse a ordenación pormenorizada do Sector, atribuíndo a cada punto do terreo uso, tipoloxía e intensidade de edificación, xustificándose nos puntos seguintes tanto o modelo elixido, como a súa adecuación á legalidade urbanística vixente.

ADECUACIÓN DA ORDENACIÓN DO SECTOR R-2 DE SOLO URBANIZÁBEL DELIMITADO DO P.X.O.M. DE MARÍN Á L.O.U.G.A.

XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS LEGAIS.

O presente documento atense ao indicado no Art. 57.2. da LOUGA, consonte co disposto nos Art. 64 e 65, así como co recollido na Normativa Urbanística deste PXOM.

1. Redacción nos prazos previstos no PXOM.

Atenderase ao sinalado na ficha do Sector R-2 recollida no presente documento, na que se fixa o prazo máximo de 54 meses desde a aprobación definitiva do PXOM. Para isto, deberanse ter cubertas as seguintes fases:

- a) Aprobación definitiva do proxecto de reparcelación;
- b) Redacción do proxecto de urbanización; e
- c) Execución das obras de urbanización.

2. Aproveitamento tipo e densidade.

Nas determinacións detalladas para o Sector, prevese un aproveitamento lucrativo total de 77.676,87 m² U.A., referidos ao uso característico, segundo as previsións efectuadas para o Sector R-2.

Con respecto á densidade, cabe sinalar que o PXOM fixou un máximo de vivendas de 424, o que supón 41,52 vivendas/hectárea, cantidade inferior a unha ratio normal de 60-70 vivendas/hectárea.

3. Usos globais e pormenorizados e determinación de zonas.

As determinacións detalladas para o Sector R-2 indican que o uso dominante é o *Residencial*, nas súas tipoloxías de *Residencial Xenérico*, con uso prioritario de vivenda colectiva. No entanto, a LOUGA exige unha serie de condicións, como veremos máis adiante no apartado de xustificación das previsións que deben efectuarse para prever vivendas de promoción pública. É por isto que, dado que o Sector se atopa próximo ao núcleo de Marín e unha das demandas que se formulan é a carencia de vivendas asequíbeis (de aí as previsións do Plan Sectorial proposto no seu día o cal, no entanto, foi descartado antes da propia aprobación Provisional), optouse por sinalar como uso característico o de vivendas colectivas de protección pública. Dada a alta porcentaxe prevista (71,62%), pódese comprender o aproveitamento obtido con respecto ao uso característico ou predominante.

4. Edificabilidade.

De conformidade coas previsións efectuadas, a edificabilidade prevista cumpre co fixado na LOUGA con respecto aos estándares previsto para o S.U.D., non superándose os 0,85 m²t/m²s, xa que esta ten unha edificabilidade total de 0,639778. Sen embargo, convén indicar que a edificabilidade asignada, canto á superficie con posibilidades de edificación, é alta, se temos en conta que, dentro do ámbito, se atopa un Sistema Xeral xa existente (C.E.I.P. A Laxe) de 7.927,89 m²s, posto que, sen contar a dita superficie, a edificabilidade dun dos polígonos roldaría os 0,84 m²t/m²s, inferior a 0,85 m²t prevista na LOUGA.

5. Reservas de solo para espazos libres e equipamentos previstos na planificación de rango superior.

As reservas obrigatorias que se han de realizar no Sector, en cumprimento dos estándares legais, referiranse á LOUGA.

Para a edificabilidade prevista, fíxanse os seguintes estándares:

- Espazos libres de uso e dominio público..... 11.760,88 m²s (18% de 65.338,21 m²t)
- Equipamentos 6.533,82 m²s (10% de 65.338,21 m²t)

Prevese unha superficie de 52.704,00 m²s de espazos libres de uso e dominio públicos e equipamentos, correspondendo 13.001,07 m² de uso dotacional público e 39.702,93 m² de espazos libres de uso e dominio públicos, cumprindo de abondo cos estándares previstos na lexislación.

6. Rede de comunicacións viaria e peonil.

Para o trazado dos viais partiuse daqueles viais e camiños xa existentes que permitirán o entroncamento coa malla actual. Para isto aproveítanse os arranques de viais xa existentes na rúa Ezequiel Massoni, que carecen de continuidade hoxe, por cuxa zona norte acadan maior pendente, e os camiños existentes con saída á rúa República Arxentina. Consideráronse os viais importantes, se ben en ambos os casos son continuidade do vial previsto nos S.U.N.C. lindeiros, un deles conta coa consideración de S.G. Viario nun tramo do Sector. O desenvolvemento viario do Sector queda garantido pola súa conexión coas citadas rúas, ás que hai que xuntar a rúa Recamán.

7. Servizos urbanos.

Os servizos urbanos que agora se detallan prevíronse de conformidade coas informacións facilitadas polo Concello de Marín, así como a información achegada polas compañías subministradoras. Se ben sé é exixíbel a elaboración dos esquemas, o equipo redactor considerou oportuno efectuar un predimensionamento, sen que isto impida que os cálculos se axusten máis no proxecto de urbanización, co fin de que a avaliación económica resulte o máis real posíbel.

1) Rede de abastecemento de auga.

A rede deseñouse tentando conseguir unha malla que permita a continuidade do abastecemento en caso de avaría, recomendándose para o proxecto de urbanización conectar os finais da rede de distribución, en evitación de ramais cegos, unha vez realizado o dimensionamento para o número máximo de vivendas previstas no ámbito de actuación, así como posibles conexións ou ampliacións, e sendo conscientes de que nalgún caso a actual rede ten uns diámetros inferiores aos necesarios.

No entanto, convén lembrar que a ligazón das mallas previstas para o Sector R-2 conecta con canos de 160 mm. (rúa Jaime Janer), 125 mm. (rúa Recamán) e 90 mm (rúa Rep. Arxentina), o que permite abastecer unha poboación prevista de 1.060 habitantes (segundo a razón prevista no cálculo da capacidade de poboación recollida na Memoria Xeral e cun consumo de 280 l./hab.e día, o que supón 296.800 litros/día (296,800 m³), coa garantía actual de subministración, segundo os cálculos efectuados.

2) Rede de rega.

A rede de rega trazouse partindo das redes de subministración previstas, que serviron para abastecer os distintos distribuidores, que fornecen un número determinado de bocas de rega, recomendándose non sobrepasar máis de 12-13, e cuxa separación non sexa maior dos 40 metros.

Prevese a existencia de ramificacións do trazado principal para a rega de zonas verdes (parques, xardíns, xogos, etc...); porén, detallarase a súa situación na fase de proxecto de urbanización. Non obstante o recollido na documentación gráfica, no proxecto de urbanización deberase sinalar o aproveitamento das augas pluviais para a súa utilización para a rega, para o que se recomenda a creación de estanques nos espazos libres de uso e dominio públicos, dado o exceso de superficie destes con respecto ás previsións fixadas na L.O.U.G.A.

3) Rede de protección contra incendios.

Previuse a colocación de bocas de incendio en columna, cunha distancia non superior aos 200 metros. A súa situación aparece reflectida no plano de abastecemento.

4) Rede de saneamento.

Queda previsto o tipo separativo, seguindo as indicacións dadas no seu día polos Servizos Técnicos e informes de Augas de Galicia.

A canalización será de PVC UNE 53332 para diámetro de 315 mm., que é a maioritaria, mentres existen tramos de ligazón coa rúa República Arxentina de 400 mm.

Intercálanse pozos de rexistro, de xeito que ningún tramo supere os 50 metros de longo.

As seccións mínimas serán as sinaladas en planos e a pendente máxima non superará o 5%, nin será inferior a 0'5%, creándose os pozos de resalto necesarios. O trazado é o que se reflicte no plano correspondente. Como se pode observar, o trazado da rede segue, en liñas xenerais, a pendente dos viais trazados, co fin de poderse conectar á rede existente, cun diámetro de 400 mm. na rúa citada, e de 315 mm. nas rúas E. Massoni, Recamán e Inferniño, o que permite evacuar unha poboación dunhas 2.000 vivendas, cantidade

moi superior á prevista para o Sector R-2. Con respecto á rede de pluviais, os diámetros son de 315 mm., 350 mm., e os tramos finais polo noreste, de 400 mm.

Na fase de redacción de proxecto, o promotor executará as redes necesarias para a súa evacuación ao actual sistema de depuración, colaborando nos custos de ampliación, se for necesario.

5) Rede eléctrica.

Como se sinalou anteriormente, o Sector R-2 non se atopa atravesado por ningún tendido eléctrico. No entanto, en conformidade cos datos obtidos da compañía subministradora, obsérvase que pola rúa Jaime Janer e polo S.U.D. de Viñas Brancas pasan liñas de media tensión (subterránea no primeiro caso, e aérea no segundo). Si existe rede eléctrica nos camiños que van ao cemiterio, ben na prolongación da rúa Inferniño, ou ben a que discorre polo medio do Sector.

Independentemente do trazado actual, creáronse unhas redes e centros de transformación que conectan coas xa existentes. No informe de Unión Fenosa indícase que para a edificación residencial, así como o uso industrial previstos no PXOM, deberanse crear tres novas liñas e unha subestación, o que xa se apuntou na Memoria Xeral. Sen embargo, e dado que os circuitos existentes poden abastecer o Sector R-2, prevíronse sete centros de transformación cuxa situación se reflicte nos planos correspondentes.

Por outra banda, e no tocante á iluminación pública, tívose en conta que deberá existir un dobre circuito en sistema trifásico con compensación de fases, así como a distancia entre luminarias.

Consideraranse as especificacións que a continuación se sinalan, así como as que a compañía subministradora poida exixir:

- Potencia mínima para vivendas maiores de 160 m² útiles9,20 Kw
- Potencia mínima para vivendas de menos de 160 m² útiles5,75 Kw

Os niveis mínimos de luminosidade serán os seguintes:

- Iluminación inicial 40 lux
- Iluminación en servizo..... 28 lux
- Uniformidade Xeral50 %

Todo o entramado de cabos, dentro do ámbito do Plan Parcial, será subterráneo, situándose o centro de transformación onde o sinala a compañía subministradora e os centros de mando en lugares accesíbeis, non suxeitos a servidume, e onde o indiquen os Servizos Técnicos Municipais correspondentes.

Os Centros de Transformación deberán illarse das vivendas e zonas sensíbeis, o suficiente para cumprir coa Recomendación do Consello de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos (0Hz a 300 GHz).

Atenderase ao indicado no art. 18 das Normas Urbanísticas sobre as medidas de aforro enerxético relativas ao baixo consumo, enerxías renovábeis ou alternativas e limpas.

6) Rede de gas.

Dada a existencia dalgunhas zonas con rede de gas, e sendo factíbel a súa conexión polas rúas Ezequiel Massoni, República Arxentina e Recamán, procedeuse a grafar os esquemas da rede de gas, co fin de que no proxecto de urbanización se conte coa súa inclusión por parte da compañía subministradora.

7) Residuos.

Xestionaranse adecuadamente os distintos tipos de residuos e terras sobrantes durante a execución das obras de urbanización, polo que o correspondente proxecto deberá condicionar que a manipulación se faga por xestor autorizado, así como que o vertedoiro estea autorizado para a recepción de refugallo inertes, se non se adoptaren outras medidas como a recuperación de terreos degradados.

De igual maneira se actuará con respecto aos residuos de aparatos eléctricos ou electrónicos, así como cos residuos comerciais, consonte o sinalado no art. 18 das Normas Urbanísticas.

8) Outros servizos.

Como se sinala na introdución xeral, para os S.U.D., nos proxectos de urbanización, deberanse estudar e trazar as canalizacións necesarias para a instalación de telefonía e transmisións de información, co fin de que as distintas compañías poidan dar o servizo requirido.

3. Obxectivos e criterios da ordenación. O seu cumprimento, xustificación da solución proposta.–.

A ordenación proposta ten como primeiro obxectivo a creación dunha área que en si mesma cumpra as expectativas precisas para constituír unha zona residencial de desenvolvemento futuro e a curto prazo, cos servizos e dotacións necesarias para isto, integrada na trama urbana de Marín.

Valóranse fundamentalmente os seguintes aspectos concretos:

A integración do sector na trama urbana do municipio de Marín, procurando as conexións necesarias para os efectos, que, neste suposto, veñen determinadas pola prolongación da rúa Inferniño, constituíndo un vial de conexión coa zona de futuro desenvolvemento de Viñas Brancas (antigo Plan Sectorial da Vivenda), así como as conexións transversais coas rúas República Arxentina e Ezequiel Massoni. Tamén se proxecta un vial de norte a sur do Sector, con fin de que sirva de distribuidor na zona máis alta.

A existencia de equipamentos próximos ou lindeiros co sector, como son o cemiterio e o C.E.I.P. da Laxe, propiciaron que os equipamentos previstos como Sistemas Locais se localicen preto dos primeiros.

No ámbito, actualmente existen algunhas masas arbóreas, das que a zona próxima ao arroio e ao colexio, ao leste do cemiterio, deben ser protexidas. É por esta razón que se cualificou como espazo público de uso e dominio público, co fin de reordenar o espazo, mantendo a vexetación.

A creación dun corredor a ambas as marxes do arroio, propondo a modificación do acanalado a partir do C.E.I.P., sen que por iso deba considerarse a zona de servidume cunha clasificación distinta á dada.

A inserción de grandes parques ou espazos libres de uso e dominio público nunha zona intermedia do que será o núcleo de Marín.

Recuperar a tipoloxía de bloque, propondo unha simultaneidade cos cuarteiróns/bloques onde se respecta a tipoloxía existente en Marín. Se ben, de conformidade co exposto no informe da D.X. de Fomento e Calidade da Vivenda, quedan determinados os fondos, co fin de cumprir co disposto nas normas de habitabilidade.

Respecto aos volumes previstos, os cuarteiróns/bloques de edificios constitúen as unidades básicas, que deberán procurar ser zonas homoxéneas. Para cada unha delas determináronse uns parámetros concretos que se complementan coas Normas Urbanísticas Xerais. Serán tanto menos vinculantes canto maior sexa o ámbito de actuación proxectual e, por tanto, menor o perigo de fragmentación formal que puiden conducir a un resultado final caótico. Nas ocasións nas que o resultado de conxunto pode estar garantido, fuxiuse de determinacións que fan rixida e constrinxen en exceso a calidade da propia arquitectura.

En resumo, pódese sinalar que a proposta que se efectúa pretende crear un ámbito que se integre na actual malla urbana, respectando o contorno do sector existente e introducindo as modificacións oportunas sobre o actual terreo en cumprimento da lexislación vixente en materia de accesibilidade.

4. Xustificación da coherencia interna da planificación.

1. Situación dos Equipamentos.

Cualifícanse como dotacionais tres parcelas na zona sueste do sector e próximas aos Sistemas Xerais existentes, co fin de lles servir de apoio, como Sistemas Locais.

2. Coherencia do sistema de espazos libres.

Como tamén se indicou anteriormente, os espazos libres públicos foron situados, dun lado, no contorno do acanalado do arroio e, doutro, na zona central, co fin de lograr un percorrido peonil ao longo do sector polas distintas zonas.

Da análise do plano APGOU obsérvase que os espazos previstos conectan ou teñen continuidade con outros espazos semellantes dos S.U.N.C. proposto no contorno, o que motiva a sensación de maiores espazos libres.

3. Consideración das modificacións paisaxísticas e ambientais que a execución do plan parcial introducirá no territorio en que se sitúa.

Considerando a situación ambiental en que se atopa o sector, e como xa se expresou anteriormente, considérase que a execución do presente ámbito producirá unha recualificación da zona. É por isto que na execución da urbanización deberá terse en conta o tratamento das zonas do arroio e masas arbóreas lindeiras, así como procurar que os espazos libres de uso e dominio público constitúan grandes espazos de recreo e esparexemento, procurando a súa interconexión peonil, producíndose para os efectos os movementos de terra precisos.

5. Estándares.-

1. Reservas de solo para equipamentos e espazos libres.

A continuación sintetízanse as reservas de terreos para dotacións, zonas verdes e espazos libres de uso e dominio públicos que foron calculadas para o Sector R.2 Raposeiras, así como a xustificación do seu cumprimento cos estándares previstos na normativa autonómica vixente.

Cadro XIV.1 – RESERVAS DE DOTACIÓNS NO SECTOR R-2.			
	L.O.U.G.A.		Sector R-2.
Sistema de espazos libres	18 m ² t por cada 100 m ² t	11.760,88	39.702,93 m ² s
	Mínimo 10% do Sector	10.212,64	
Equipamentos	10 m ² s por cada 100 m ² t	6.533,82	13.001,07 m ² s
Total reservas	18.294,70 m ² s		52.704,00 m ² s

Para as prazas de aparcamento adaptadas, preverase un 3% do total das prazas, como mínimo, cara ao exterior. É por isto que se garantirán mediante proxecto de urbanización 12 prazas como mínimo, distribuídas no ámbito do sector e próximas ás reservas dotacionais.

	LOUGA	SECTOR R-2.
Plazas aparcamento ao exterior	382	382

2. Aproveitamento medio e niveis de intensidade dos diferentes usos.

- Superficie total do sector102.126,36 m²s
- Aproveitamento do sector77.676,87 m²t do uso característico
- Nº de vivendas, segundo cálculo previsto.....424

3. Edificabilidade.

Na ordenación proposta, a edificabilidade distribuíuse na forma en que se sinala nos planos, e que se recolle no seguinte cadro. Así mesmo, indícase en qué cuarteiróns/bloques de edificios se terán que situar as vivendas de protección pública.

Cadro XIV.2 – SUPERFICIES E APROVEITAMENTOS DAS PARCELAS DO SECTOR R-2.						
Identificación parcela	S. Parcela m²s	S. Edificábel m²t	Uso	Nº vivendas	Coeficiente	Aproveitamento m²t uso característico
R-2.1.1.	744,84	2.234,52	R.X.V.P.	14	1,00	2.234,52
R-2.1.2.	424,18	1.696,72	R.X.V.P.	10	1,00	1.696,72
R-2.1.3.	763,02	1.907,55	R.X.V.P.	12	1,00	1.907,55
R-2.1.4.	2.320,49	5.801,23	R.X.V.P.	35	1,00	5.801,23
R-2.1.5.	1.080,60	3.782,10	R.X.	23	1,67	6.316,11
R-2.1.6.	1.048,32	4.193,28	R.X.V.P.	26	1,00	4.193,28
R-2.2.1.	1.435,13	3.946,61	R.X.V.P.	24	1,00	3.946,61
R-2.2.2.	1.636,10	7.362,45	R.X.V.P.	51	1,00	7.362,45
R-2.2.3.	5.321,38	14.633,80	R.X.	84	1,67	24.438,45
R-2.2.4.	2.782,88	8.348,64	R.X.V.P.	59	1,00	8.348,64
R-2.2.5.	2.802,10	9.807,35	R.X.V.P.	70	1,00	9.807,35
R-2.2.6.	1.956,58	1.623,96	R.X.V.P.	16	1,00	1.623,96
TOTAL	22.315,62	65.338,21		424		77.676,87
RX = Residencial xenérico; RU = Residencial unifamiliar; RXVP = Residencial xenérico de protección pública.						

Como pode observarse, os parámetros exixidos na L.O.U.G.A. para reserva autonómica cumprense, xa que a parcela é inferior a 1.633,46 m²s ($2,50 \times 65.338,21/100$) e a súa edificabilidade é inferior ($0,25 \times 65.338,21$).

Así mesmo, os coeficientes asignados no anterior Cadro son o resultado da relación entre si dos coeficientes de homoxeneización reflectidos na Normativa, segundo o uso dominante ou característico, o cal terá o valor “1”.

6. DIVISIÓN EN UNIDADES DE EXECUCIÓN.–

1. División proposta.

O sector delimitase en dous polígonos, en exercicio da facultade establecida no Art. 123 da LOUGA, en relación co Art. 112 da dita lei.

Como recolle o Art. 123.2 da LOUGA: «... e dado que a execución da planificación urbanística se realizará por polígonos completos»; e, toda vez que o Art. 112 no seu punto 4 indica: «No solo urbanizábel delimitado, as áreas de repartimento incluírán un ou varios sectores completos (...)); e o Art. 112.3 sinala que: «Dentro de cada área de repartición deberán delimitarse polígonos que permitan o cumprimento conxunto de (...)), pode dicirse que a delimitación é procedente.

Agora ben, o Art. 12.3 sinala que: «A delimitación de polígonos haberá de garantir o equilibrio entre os beneficios e cargas dentro de cada área de repartición. Para estes efectos, non poderán delimitarse polígonos que teñan unha diferenza de aproveitamento superior ao 15% en relación co aproveitamento tipo da área de repartimento correspondente, nin impliquen unha desproporcionada diferenza das cargas de urbanización ou asignación de reservas para vivendas sometidas a algún réxime de protección pública»

Sobre a mencionada base, tíranse os seguintes resultados, en concordancia co reflectido no cadro XIV.2:

Cadro XIV.3 – POLIGONOS DO SECTOR R-2.					
Área de repartición	Polígonos	Superficie m ² t	Edificabilidade m ² t	Aproveitamento m ² t uso característico	Aproveitamento tipo
R-2.	R-2.1.	31.344,31	19.615,40	22.149,41	0,945892
	R-2.2.	70.782,05	45.722,81	55.527,46	0,784485
TOTAL		102.126,36	65.338,21	77.676,87	0,824608

Pode comprobarse que se cumpre co establecido no apartado 3 do artigo 123.

Así mesmo, cabe indicar que para o polígono R.2.1. contáronse 15.833,30 m²t para vivenda de protección pública, que se situarán en todas as parcelas R.2.1., excepto na nº 5 que será libre. No polígono R.2.2. prevíronse 4.081,30 m²t, que se situarán en todas as parcelas R.2.2., excepto na nº 3, que será libre.

2. Elección do Sistema de Actuación.

O Art. 127.2 da LOUGA establece a necesidade de que, nos polígonos con ordenación detallada, se faga constar o sistema de actuación mediante o que se prevé o seu desenvolvemento.

Neste suposto, o sistema de actuación dos dous polígonos é o de cooperación, e é o que se elixiu partindo da base dun desenvolvemento a curto prazo e tendo en conta a escasa aplicación da xestión urbanística no municipio, o que levou ao estancamento do desenvolvemento da planificación vixente. Dadas as razóns expostas ao longo do presente documento, preténdese que a iniciativa municipal no desenvolvemento deste

sector R.2, así como doutros, sirva de aliciente para a impulsión, non só de novos sectores, senón do propio solo urbano non consolidado por parte da iniciativa particular ou privada.

7. PLAN DE ETAPAS.–

De acordo co establecido no Art. 64.j. da LOUGA, é preciso estipular o plan de etapas para o desenvolvemento das determinacións do plan, no que se inclúa a fixación dos prazos, para lles dar cumprimento aos deberes dos e das propietarias, entre eles, os de urbanización e edificación.

No apartado 2.1.1. xa se sinalaba que o prazo previsto para a execución do sector R.2 e, por tanto, dos polígonos delimitados, é de 54 meses como máximo, desde a aprobación definitiva do PXOM, prevendo que sexa o sector R.2.1. o que primeiro se inicie, porque require menor movemento de terras que o outro polígono. Non obstante, o R.2.2. non deberá sobrepasar os 18 meses desde a aprobación definitiva para o seu inicio.

Cabe indicar que no proxecto de urbanización se poderán sinalar distintas fases, mais sempre respectando o prazo indicado no parágrafo anterior.

8. CAPÍTULOS DA AVALIACIÓN ECONÓMICA ESTIMATIVA.

Polígono R-2.1.

R-2.1. – Escavacións e viais					
01	Ud.	Descrición	Cantidade	Prezo unitario	Prezo
1.1.	m ³	Escavación mecánica en terrenos compactos, con rocha até o 10% do volume, incluso a retirada de terras a zona de emprego.	31.204,00	0,92	28.707,68
1.2.	m ³	Recheo, estendido e compactado de terras procedentes de escavación, incluso a rega e compactado de até 100% Próctor.	6.178,00	1,88	11.614,64
1.3.	m ³	De execución de calzada, incluso o encaixado de rúa, recheo compactado a base de cascallo, soleira de formigón armado de HA25 de 15 cm de espesura e pavimento asfáltico de 5 cm., totalmente rematada.	2.125,00	32,23	68.488,75
1.4.	m ²	De execución das beirarrúas, incluso da escavación e perfilado, recheo compactado con cascallo, soleira de HM20 de 10 cm. de espesura e pavimento a base de baldosa hidráulica tipo concello de Marín e p.p. de bordos prefabricados de formigón.	2.125,00	32,23	68.488,75
1.5.	Ud.	Arborado nas beirarrúas, formado pola plantación de árbore tipo, incluso escava prefabricada de formigón de 120x120.	72,00	62,78	4.520,16
TOTAL					269.729,99

R-2.1. – Saneamento					
02	Ud.	Descripción	Cantidad	Precio unitario	Precio
2.1.	m.l.	Rede de saneamento de fecais relizada con cano de PVC UNE 53332 de 315 mm. de diámetro, incluso p.p. de pozos prefabricados de formigón con tapas de fundición dúctil, tipo concello de Marín, escavación de gabia con retirada das terras, incluso p.p. de pozos con desaugamento, soleira de formigón, recheo de area e/ou formigón, recheo e compactación de gabia con terras procedentes da escavación, totalmente rematado	368,00	102,54	37.734,72
2.2.	m.l.	IDEM 2.1. PVC UNE 53332 para diámetro 400 mm.	90,00	120,07	10.806,30
2.3.	m.l.	Rede de saneamento de augas pluviais, realizada con cano de PVC UNE 53332 de 315 mm. de diámetro, incluso p.p. de pozos prefabricados de formigón, con tapas de fundición dúctil, tipo concello de Marín, escavación da gabia con retirada de terras, incluso p.p. de recheo de area e/ou formigón, recheo e compactación de gabias con terras da escavación, e p.p. de sumidoiros, conexións ao pozo, totalmente rematado.	350,00	95,35	33.372,50
2.4.	m.l.	IDEM 2.3. PVC UNE 53332 para diámetro 350 mm.	100,00	99,65	9.965,00
2.5.	m.l.	IDEM 2.3. PVC UNE 53332 para diámetro 400 mm.	100,00	109,87	10.987,00
TOTAL					102.865,52

R-2.1. – Abastecemento e rega					
03	Ud.	Descripción	Cantidad	Precio unitario	Precio
3.1.	m.l.	Rede de abastecemento en cano de fundición dúctil de diámetro 100, 125 e 150 mm. en rede mallada, incluso p.p. de apertura e peche de gabias, pezas especiais, válvulas de comporta asiento brando, tes, derivacións, reducións, tapóns, desaugadoiros da rede, incluso p.p. de arquetas e rexistro con tapas de fundición dúctil. Tamén, con p.p. de probas reglamentarias, totalmente colocada e posta en funcionamento, segundo as indicacións dos servizos técnicos do concello.	530,00	86,68	45.940,40
3.2.	m.l.	Rede de distribución de rega en cano de polietileno de alta densidade 10 atm. diámetro 80 mm., idem anterior, incluso p.p. de bocas de rega soterradas, tipo concello de Marín, e derivacións en cano de polietileno con diámetro de 40 mm., totalmente colocadas e en funcionamento.	490,00	28,57	13.999,30
3.3.	m.l.	Boca de incendios tipo concello de Marín, en columna seca, colocada, incluso p.p. de cano de fundición dúctil diámetro 100 mm., conexións, claves, rexistros, segundo servizos técnicos do concello e NBE-CPI-96.	2,00	1.831,13	3.662,26
TOTAL					63.601,96

R-2.1. – Iluminación / Electricidade					
04	Ud.	Descrición	Cantidad	Precio unitario	Precio
4.1.	Ud.	Creación de novas liñas soterradas, incluso obra civil de canalizacións, condutores, centros de transformación, arquetas etc.; segundo prescricións da compañía subministradora Unión Fenosa, incluso excavacións, recheos, compactados etc.; totalmente instalada e en funcionamento.	1,00	367.981,90	367.981,90
4.2.	Ud.	Luminaria sobre báculo a partir de 12 m. de altura, en aceiro galvanizado, incluída luminaria e lámpada SAP de até 400W, mesmo p.p. de circuíto de iluminación (noite e día), canalizacións, arquetas, pasos de calzada, p.p. de cadro de mando, conexiónados, material eléctrico, escavacións, recheos e compactacións de gabiá, totalmente instalado e en funcionamento.	24,00	1.098,69	26.368,56
4.3.	Ud.	Luminaria sobre poste de 4 m. de aceiro galvanizado pintado de cor, incluso luminaria e lámpada SAP até 250W, incluso p.p. de circuíto de iluminación (noite e día), canalizacións, arquetas, pasos de calzada, p.p. de cadro de mando, conexiónados, material eléctrico, escavacións, recheos e compactacións de gabias, totalmente instalado e en funcionamento.	48,00	498,06	23.906,88
TOTAL					418.257,34

R-2.1. – Varios					
05	Ud.	Descrición	Cantidad	Precio unitario	Precio
5.1.	m ²	Urbanización de parques e xardíns, con p.p. de zonas peonís, plantacións de árbores, céspede, instalación de regadío por aspersión, rede de iluminación, con luminarias sobre poste de até 4 m. de altura, con lámpadas de VMCC de até 250W, incluso p.p. de rede de protección contra incendios, rede de pluviais, creación de estanques ou balsas para a recuperación de agua da rega etc., totalmente rematado.	6.190,00	18,10	112.039,00
5.2.	Ud.	Mobiliario urbano con papeleiras, bancos, sinalizacións, carteis informativos, fontes, áreas de xogo para nenos e nenas etc., totalmente instalado.	1,00	12.538,50	12.538,50
5.3.	Ud.	Instalación de telefonía, con p.p. de escavación, recheos, compactacións, arquetas, canalizacións (sen cableado), paso de calzada, cadros e acometidas, totalmente instalada.	1,00	10.956,40	10.956,40
5.4.	Ud.	Instalación de gas, con p.p. de escavación, recheos, compactacións, arquetas, canos, válvulas, paso de calzada, acometidas, totalmente instalada e funcionando.	1,00	7.121,60	7.121,60
TOTAL					142.655,50

R-2.1. – RESUMO PRESUPOSTO XERAL		
R-2.1.	Descrición	Prezo
01	ESCAVACIÓNS E VIAIS	269.729,99
02	SANEAMENTO	102.865,52
03	ABASTECIMENTO E REGA	63.601,96
04	ILUMINACIÓN / ELECTRICIDADE	418.257,34
05	VARIOS	142.655,50
	TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	997.110,31
	GASTOS XERAIS 16%	159.537,65
	BENEFIZO INDUSTRIAL 6%	59.826,62
	TOTAL CONTRATA	1.216.474,58
	IVE 16%	194.635,93
	TOTAL PRESUPOSTO XERAL	1.411.110,51

R-2.1.	RESUMO TOTAL	R-2.1.
	Descrición	Prezo
	Total presuposto xeral	1.411.110,51
	Custos de redacción de documentos técnicos: Honorarios de proxecto de urbanización e dirección de obra e proxecto de xestión	89.739,93
	Indemnizacións por edificacións para naves, almacéns, vivendas, hortas, plantacións	161.766,93
	TOTAL CUSTOS DE URBANIZACIÓN ESTIMADOS	1.662.617,37

Repercusión de gastos de urbanización por metro cadrado teito

O gasto de urbanización sinalado no punto anterior por m² de uso característico é de 75,60 € (85,37 €/m², aproximadamente).

Polígono R-2.2.

R-2.2. – Escavacións e viais					
01	Ud.	Descrición	Cantidad	Precio unitario	Precio
1.1.	m ³	Escavación mecánica en terrenos compactos, con rocha até o 10% do volume, incluso a retirada de terras a zona de emprego.	35.911,00	0,92	33.038,12
1.2.	m ³	Recheo, estendido e compactado de terras procedentes de escavación, incluso a rega e compactado de até 100% Próctor.	35.391,00	1,88	66.535,08
1.3.	m ³	De execución de calzada, incluso o encaixado de rúa, recheo compactado a base de cascallo, soleira de formigón armado de HA25 de 15 cm de espesura e pavimento asfáltico de 5 cm., totalmente rematada.	12.702,00	35,13	446.221,26
1.4.	m ²	De execución das beirarrúas, incluso da escavación e perfilado, recheo compactado con cascallo, soleira de HM20 de 10 cm. de espesura e pavimento a base de baldosa hidráulica tipo concello de Marín e p.p. de bordos prefabricados de formigón.	3.082,00	32,23	99.332,86
1.5.	Ud.	Arborado nas beirarrúas, formado pola plantación de árbore tipo, incluso escava prefabricada de formigón de 120x120.	134,00	62,78	8.412,52
TOTAL					653.539,84

R-2.2. – Saneamento					
02	Ud.	Descrición	Cantidad	Precio unitario	Precio
2.1.	m.l.	Rede de saneamento de fecais relizada con cano de PVC UNE 53332 de 315 mm. de diámetro, incluso p.p. de pozos prefabricados de formigón con tapas de fundición dúctil, tipo concello de Marín, escavación de gabia con retirada das terras, incluso p.p. de pozos con desaugamento, soleira de formigón, recheo de area e/ou formigón, recheo e compactación de gabia con terras procedentes da escavación, totalmente rematado.	1.050,00	102,54	107.667,00
2.2.	m.l.	Rede de saneamento de augas pluviais, realizada con cano de PVC UNE 53332 de 315 mm. de diámetro, incluso p.p. de pozos prefabricados de formigón, con tapas de fundición dúctil, tipo concello de Marín, escavación da gabia con retirada de terras, incluso p.p. de recheo de area e/ou formigón, recheo e compactación de gabias con terras da escavación, e p.p. de sumidoiros, conexións ao pozo, totalmente rematado.	500,00	95,35	47.675,00
2.3.	m.l.	IDEM 2.2. PVC UNE 53332 para diámetro 350 mm.	200,00	99,65	19.930,00
TOTAL					175.272,00

R-2.2. – Abastecemento e rega					
03	Ud.	Descrición	Cantidad	Precio unitario	Precio
3.1.	m.l.	Rede de abastecemento en cano de fundición dúctil de diámetro 125, 150 y 250 mm. en rede mallada, incluso p.p. de apertura e peche de gabias, pezas especiais, válvulas de comporta asento brando, tes, derivacións, reducións, tapóns, desaugadoiros da rede, incluso p.p. de arquetas e rexistro con tapas de fundición dúctil. Tamén, con p.p. de probas regamentarias, totalmente colocada e posta en funcionamento, segundo as indicacións dos servizos técnicos do concello.	1.070,00	106,30	113.741,00
3.2.	m.l.	Rede de distribución de rega en cano de polietileno de alta densidade 10 atm. diámetro 80 mm., <i>idem</i> anterior, incluso p.p. de bocas de rega soterradas, tipo concello de Marín, e derivacións en cano de polietileno con diámetro de 40 mm., totalmente colocadas e en funcionamento.	1.320,00	28,57	37.712,40
3.3.	m.l.	Boca de incendios tipo concello de Marín, en columna seca, colocada, incluso p.p. de cano de fundición dúctil diámetro 100 mm., conexións, chaves, rexistros, segundo servizos técnicos do concello e NBE-CPI-96.	4,00	1.831,13	7.324,52
TOTAL					158.777,92

R-2.2. – Iluminación / Electricidade					
04	Ud.	Descrición	Cantidad	Precio unitario	Precio
4.1.	Ud.	Creación de novas liñas soterradas, incluso obra civil de canalizacións, condutores, centros de transformación, arquetas etc.; segundo prescricións da compañía subministradora Unión Fenosa, incluso excavacións, recheos, compactados etc.; totalmente instalada e en funcionamento.	1,00	735.963,80	735.963,80
4.2.	Ud.	Luminaria sobre báculo a partir de 12 m. de altura, en aceiro galvanizado, incluída luminaria e lámpada SAP de até 400W, mesmo p.p. de circuíto de iluminación (noite e día), canalizacións, arquetas, pasos de calzada, p.p. de cadro de mando, conexións, material eléctrico, escavacións, recheos e compactacións de gabia, totalmente instalado e en funcionamento.	36,00	1.098,69	39.552,84
4.3.	Ud.	Luminaria sobre poste de 4 m. de aceiro galvanizado pintado de cor, incluso luminaria e lámpada SAP até 250W, incluso p.p. de circuíto de iluminación (noite e día), canalizacións, arquetas, pasos de calzada, p.p. de cadro de mando, conexións, material eléctrico, escavacións, recheos e compactacións de gabias, totalmente instalado e en funcionamento.	72,00	498,06	35.860,32
TOTAL					811.376,96





R-2.2. – Varios					
05	Ud.	Descripción	Cantidad	Precio unitario	Precio
5.1.	m²	Urbanización de parques e xardíns, con p.p. de zonas peonís, plantacións de árbores, céspede, instalación de regadío por aspersión, rede de iluminación, con luminarias sobre poste de até 4 m. de altura, con lámpadas de VMCC de até 250W, incluso p.p. de rede de protección contra incendios, rede de pluviais, creación de estanques ou balsas para a recuperación de agua da rega etc., totalmente rematado.	33.513,69	18,10	606.597,79
5.2.	Ud.	Mobiliario urbano con papeleiras, bancos, sinalizacións, carteis informativos, fontes, áreas de xogo para nenos e nenas etc., totalmente instalado.	1,00	25.077,00	25.077,00
5.3.	Ud.	Instalación de telefonía, con p.p. de escavación, recheos, compactacións, arquetas, canalizacións (sen cableado), paso de calzada, cadros e acometidas, totalmente instalada.	1,00	21.912,80	21.912,80
5.4.	Ud.	Instalación de gas, con p.p. de escavación, recheos, compactacións, arquetas, canos, válvulas, paso de calzada, acometidas, totalmente instalada e funcionando.	1,00	14.243,20	14.243,20
TOTAL					667.830,79

R-2.2. – RESUMO PRESUPOSTO XERAL		
R-2.2.	Descrición	Prezo
01	ESCAVACIÓNS E VIAIS	653.539,84
02	SANEAMENTO	175.272,00
03	ABASTECIMENTO E REGA	158.777,92
04	ILUMINACIÓN / ELECTRICIDADE	811.376,96
05	VARIOS	667.830,79
	TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL	2.466.797,51
	GASTOS XERAIS 16%	394.687,60
	BENEFIZO INDUSTRIAL 6%	148.007,85
	TOTAL CONTRATA	3.009.492,96
	IVE 16%	481.518,87
	TOTAL PRESUPOSTO XERAL	3.491.011,83

R-2.2.	RESUMO TOTAL	R-2.2.
	Descrición	Prezo
	Total presuposto xeral	3.491.011,83
	Custos de redacción de documentos técnicos: Honorarios de proxecto de urbanización e dirección de obra e proxecto de xestión	287.404,70
	Indemnizacións por edificacións para naves, almacéns, vivendas, hortas, plantacións	404.417,33
	TOTAL CUSTOS DE URBANIZACIÓN ESTIMADOS	4.182.833,86

Repercusión de gastos de urbanización por metro cadrado teito

O gasto de urbanización sinalado no punto anterior por m²t de uso característico é de 75,33 € (91,48 €/m²t, aproximadamente).

S.U.D. R-2.1.			S.U.D. R-2.2.		
					
					
Superficie do ámbito	102.126,36	m ² s	Superficie edificábel	22.315,62	m ² s
Edificabilidade	65.338,21	m ² t	Uso dominante	Residencial xenérico V.P.	
Distrito nº	2		Nº de vivendas	424	
Equipamento	m ²	%	Espazos libres de uso e dominio público	m ²	%
	13.001,07	12,73		39.702,93	38,88
Prazas aparcadoiro	382		Sistema de Actuación	Compensación	
Polígono: Descomponse en dous (2)			Área de Repartimento: Mesmo ámbito que SUD R-2		
Descrición: O ámbito do SUD R-2 abrangue todos os terreos comprendidos no lugar de Raposeiras, até as rúas Recamán e Rep. Argentina, co fin de completar a malla urbana nesa zona. O dito ámbito constitúe unha illa no centro do núcleo de Marín, cuxo desenvolvemento debe programarse diante da inactividade demostrada durante estes 30 anos.					
Observacións: – Existe un S.X. de 7.927,89 m²s, de carácter docente (C.E.I.P. A Laxe). – O resto de características (aproveitamento, vivenda de protección pública e prazas) atópanse recollidas na Ficha correspondente deste documento e da Normativa.					

S.U.D. – R-2 → RAPOSEIRAS				
Dividido en 2 polígonos: S.U.D. R-2.1. e S.U.D. R-2.2.				
Superficie total:		102.126,36 m²s	Superficie neta total:	
Superficie S.U.D. R-2.1		31.344,31 m²s	Superficie neta S.U.D. R-2.1	
Superficie S.U.D. R-2.2		70.782,05 m²s	Superficie neta S.U.D. R-2.2	
S.X.		7.927,89 m²s	S.X. adscritos	
Uso dominante		Residencial Xenérico V.P.		
Edificabilidade total:		65.338,21 m²t	Aproveitamento total:	
Edificabilidade S.U.D. R-2.1		19.615,40 m²t	Aproveitamento S.U.D. R-2.1	
Edificabilidade S.U.D. R-2.2		45.722,81 m²t	Aproveitamento S.U.D. R-2.2	
Aproveitamento tipo:		0,824608 m²t/m²s	Total:	
			SUD. R-2.1	
			SUD R-2.2	
Aproveitamento S.U.D. R-2.1		0,945892 m²t/m²s	Vivendas de Protección S.U.D. R-2.1	
Aproveitamento S.U.D. R-2.2		0,784485 m²t/m²s	Vivendas de Protección S.U.D. R-2.2	
Espazos libres de uso e dominio públicos		39.702,93 m²s	Equipamento:	
Sistema de Actuación:		Cooperación: S.U.D. R-2.1. y S.U.D. R-2.2..		
Prazo máximo:	Sector	S.U.D. R-2.1 →		meses desde Aprobación Definitiva P.X.O.M.
		S.U.D. R-2.2 →		meses desde Aprobación Definitiva P.X.O.M.
Ámbito de equidistribución		S.U.D. R-2.1 →		Sector – S.U.D. R-2 –
		S.U.D. R-2.2 →		
Determinacións	→	O S.X. encóntrase no Polígono R-2.1 e é un colexio existente.		
	→	No polígono R-2.1 as vivendas de protección pública están en todas as parcelas, excepto na R-2.15.		
	→	Estarase ao sinalado na Memoria do SUD R-2 que se acha no presente documento.		
	→	No Polígono R-2.2. as vivendas de protección pública están en todas as parcelas, excepto na R-2.2.3.		
	→	A parcela R.2.2.6. é para reserva autonómica		
	→	Nos espazos libres de uso e dominio público viario, así como nos equipamentos públicos, deberase xustificar a aplicación de enerxías renovábeis, de baixo consumo e limpas, co fin de obter aforro no consumo enerxético, debéndose atender ao sinalado no art. 18 no que se refire ás urbanizacións e no recollido nas fichas de ordenación para os edificios ou equipamentos públicos.		

SECTOR RHT-1 – A BREA

MEMORIA

1. Información Urbanística.–

Nos seguintes subapartados expresaranse as circunstancias reais en que se encontran os terreos, tanto ao respecto da súa localización e características físicas, como no relativo ás edificacións e instalacións existentes, co fin de que a planificación proposta teña como base e punto de partida a análise da realidade actual, que xustificará en certa medida as determinacións proxectadas.

Cúmprese así o disposto no Art. 65 da Ley 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e as súas modificacións:

«Os plans parciais comprenderán os planos de información, incluído o catastral, memoria xustificativa das súas determinacións, (...)»

1. Situación.

Os terreos que conforman o Sector RHT-1 para os que se redacta este documento, están localizados na zona central do núcleo de Seixo, no lugar de A Brea, segundo consta nos planos de información. Son de forma irregular, a xeito de punta de lanza, e están comprendidos entre a rúa Doutor Ulloa e a estrada a Campo (EP-1202). Estes terreos atópanse nunha zona elevada onde hai un parque, polo que no deseño decidiuse ampliar este parque (S.G.) ao tempo que se procura preservar o contorno do xacemento situado nel.

A súa superficie total é de 101.095,21 m². Non ten ningunha servidume de infraestruturas, agás o indicado con respecto ao equipamento existente, que terá que ser tido en conta á hora de proceder á urbanización do espazo libre previsto como S.X.

02. Características naturais dos terreos.

1. Descrición.

Trátase dun sector irregular, no que algunhas propiedades estiveron cultivadas mesmo con viñedos, e cuxo abandono veu ocasionado pola proximidade do solo urbano, que se foi desenvolvendo ao longo dos viais, creando bolsas internas como a do Sector actual, así como a existencia de edificacións de carácter unifamiliar. A escasa vexetación existente non reviste interese algún, motivo polo cal non se prevé o seu mantemento. Na parte norte áchase un edificio catalogado cuxa recuperación como equipamento está prevista.

2. Características físicas.

A característica máis importante do terreo é a súa elevación con respecto aos actuais viais de bordo desenvolvidos, así como a súa pendente descendente de norte a sur, tamén cara ao leste, e, de xeito máis pronunciado, cara ao oeste. É por isto, e para lle dar cumprimento ao sinalado na lexislación de accesibilidade, así como para respectar no posíbel as edificacións existentes, que se deberá proceder a efectuar movementos de terra que permitan diminuír as pendentes nos trazados de viais propostos.

3. Edificacións existentes.

Da observación dos planos correspondentes ao levantamento e voo efectuado, así como da percepción directa do terreo, puido comprobarse a existencia de edificacións, se ben a maioría dos terreos existentes con edificacións pertencen ao Solo Urbano Non Consolidado, no ámbito do Sector pola súa parte norte (leste e oeste) existen edificacións, que se procuraron respectar ao máximo, aínda que algunha delas se viu incluída en espazos libres de uso e dominio público, debéndose ter en conta a súa existencia na xestión do ámbito de equidistribución.

4 Estrutura da propiedade do solo.

Na documentación gráfica a escala 1/2.000 recóllense as parcelas catastrais da zona, figurando ao final do documento unha ficha coa dita descrición gráfica. Trátanse, na súa maioría, de predios alongados e estreitos, con algúns máis cadrados na zona central do sector e próximos ao S.X. No entanto, a estrutura maioritaria segue a ser de parcelas pequenas, trapezoidais e estreitas.

O ámbito do Sector recolle as seguintes parcelas, a maioría delas incluídas enteiras, excepto algunhas que aparecen parcialmente:

Cadro XV – POLÍGONOS E PARCELAS DO SECTOR RHT-1	
Polígono	Parcelas
032	2-6-7-8-9-14-15-16-17-18-19-24-25-26-27-28 30-31-36-37-38-39-40-41-42-43-44-45-46-47-48-49-50- 51-52-54-56-57-61-62-64-65-66-67-68-69- 70-71-72-73-74-75-76-82-83-86 112-115-116-121-122-123-124-125-126-127-128-129- 130-131-132-139-148-149- 150-151-152-153-154-155-156-157-158-159 160-161-162-163-164-165-166-167-168-169- 170-171-172-173-174-175-176-177-178-179 180-181-182-183-184-185-186-187-188-189 190-191-192-193-194-195-196-197-199- 203-204-205-207-208- 210-211-212-213-214-215-216-217- 224- 434-
24130	24-28-29

5. Infraestruturas existentes, abastecemento de auga e enerxía eléctrica e capacidade de evacuación.

No Sector só existe o trazado da rede eléctrica a través do camiño que xungue Dr. Ulloa coa estrada EP-1202. Porén, como pode observarse polos planos de ordenación, información e servizos, a conexión coas redes existentes das novas a realizar é factíbel a través da trama viaria existente e prevista.

Non obstante, e a pesar de se ter predimensionado todas as redes de instalacións previstas, deberá ser no proxecto de urbanización onde se concreten os diámetros e demais elementos.

É por isto que se lle deu cumprimento ao indicado no Art. 64.h).

6. Condicións urbanísticas.

No presente P.X.O.M. indícase o Sector RHT-1 coas seguintes características:

Superficie total	101.095,21 m ²
Calificación	Residencial
Uso característico	Residencial Unifamiliar
Edificabilidade bruta	72.882,78 m ² t
Coefficiente de edificabilidade	0,758460
Aproveitamento tipo	0,572140 m ² t/m ² s
Aproveitamento	54.978,74 m ² t de uso característico
Densidade	34,03 vivendas/hectárea
Nº máximo de vivendas	344 vivendas
Altura máxima	Segundo planos A.P.G.O.U. (7,40 m., 13 m. y 16 m.)
Espazos libres de uso e dominio públicos	24.873,59 m ² s
Espazos para equipamentos públicos	8.802,37 m ² s
Sistema de actuación	Cooperación
Determinacións:	• Atenderase ao sinalado na Normativa Urbanística do P.X.O.M. de Marín. • 24.072,05 m²t destinaranse para vivendas de protección pública, o que equivale ao 33,03 %. • 1.966,01 m²s dedicaranse para reserva de dotación autonómica, cunha edificabilidade de 0,90 m²t/m²s

2. Memoria xustificativa da ordenación.–

En base ás circunstancias físicas descritas en puntos anteriores, así como na ordenación básica prevista no Plan Xeral para este Sector, sinalada no punto 6 do apartado 1, deseñouse a ordenación pormenorizada do Sector, atribuíndo a cada punto do terreo uso, tipoloxía e intensidade de edificación, xustificándose nos puntos seguintes tanto o modelo elixido, como a súa adecuación á legalidade urbanística vixente.

ADECUACIÓN DA ORDENACIÓN DO SECTOR RHT-1 DE SOLO URBANIZÁBEL **DELIMITADO DO P.X.O.M. DE MARÍN Á L.O.U.G.A.** **XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS LEGAIS.**

O presente documento atense ao indicado no Art. 57.2. da LOUGA, consonte co disposto nos Art. 64 e 65, así como co recollido na Normativa Urbanística deste PXOM.

1. Redacción nos prazos previstos no PXOM.

Atenderase ao sinalado na ficha do Sector RHT-1 recollida no presente documento, na que se fixa o prazo máximo de 72 meses desde a aprobación definitiva do PXOM. Para isto, deberanse ter cubertas as seguintes fases:

- a) Aprobación definitiva do proxecto de reparcelación;
- b) Redacción do proxecto de urbanización; e
- c) Execución das obras de urbanización.

2. Aproveitamento tipo e densidade.

Nas determinacións detalladas para o Sector, prevese un aproveitamento lucrativo total de 54.978,74 m² U.A., referidos ao uso característico, segundo as previsións efectuadas para o Sector RHT-1.

Con respecto á densidade, cabe sinalar que o PXOM fixou un máximo de vivendas de 344, o que supón 34,03 vivendas/hectárea, cantidade inferior a unha ratio normal de 60-70 vivendas/hectárea.

3. Usos globais e pormenorizados e determinación de zonas.

As determinacións detalladas para o Sector RHT-1 indican que o uso dominante é o *Residencial*, nas súas tipoloxías de *Residencial Unifamiliar*, con uso prioritario de *vivenda unifamiliar pareada*; No entanto, a LOUGA exige unha serie de condicións, como veremos máis adiante no apartado de xustificación das previsións que deben efectuarse para prever vivendas de protección pública. É por isto que, dadas as características da zona, prevéronse os bloques illados que darán acollida á vivenda de protección pública, así como algúns cuarteiróns/bloques de edificios de vivenda unifamiliar.

4. Edificabilidade.

De conformidade coas previsións efectuadas, a edificabilidade prevista cumpre co fixado na LOUGA con respecto aos estándares previsto para o S.U.D., non superándose os 0,85 m²/m²s, xa que esta ten unha edificabilidade total de 0,758460.

5. Reservas de solo para espazos libres e equipamentos previstos na planificación de rango superior.

As reservas obrigatorias que se han de realizar no Sector, en cumprimento dos estándares legais, referiranse á LOUGA.

Para a edificabilidade prevista, fíxanse os seguintes estándares:

- Espazos libres de uso e dominio público:..... 13.118,89 m²s (18% de 72.882,78 m²t)
- Equipamentos: 7.288,28 m²s (10% de 72.882,78 m²t)

Prevese unha superficie de 33.675,96 m²s de espazos libres de uso e dominio públicos e equipamentos, correspondendo 8.802,37m² de uso dotacional público 24.873,59 m² de espazos libres de uso e dominio públicos, cumprindo de abondo cos estándares previstos na lexislación. . Ao ampliar o S.X. existente (5.002,17 m²s) en 5.942,09 m²s máis, resulta un S.X. de 10.944,26 m².

6. Rede de comunicacións viaria e peonil.

Para o trazado dos viais partiuse daqueles viais e camiños xa existentes que permitirán o entroncamento coa malla actual. Para isto aproveítanse os arranques de viais xa existentes na rúa Doutor Ulloa e a estrada a Campo, mesmo o camiño que os une a ambos.

Non obstante, e dado que as ditas conexións son estreitas, procédese a abrir un vial entre as dúas rúas citadas, con maior anchura, para permitir unha mellor distribución das parcelas de edificación propostas. Pola parte norte propónse o trazado dun S.G. dentro do sector co fin de ligar co vial que permite xuntar a PO-551 coa EP-1202. En tanto en canto non sexa reorganizado o tráfico da travesía en Seixo, prohíbense os xiros á esquerda.

7. Servizos urbanos.

Os servizos urbanos que agora se detallan prevíronse de conformidade coas informacións facilitadas polo Concello de Marín, así como a información achegada polas compañías subministradoras. Se ben sé é exixíbel a elaboración dos esquemas, o equipo redactor considerou oportuno efectuar un predimensionamento, sen que isto impida que os cálculos se axusten máis no proxecto de urbanización, co fin de que a avaliación económica resulte o máis real posíbel.

1) Rede de abastecemento de auga.

A rede deseñouse tentando conseguir unha malla que permita a continuidade do abastecemento en caso de avaría, recomendándose para o proxecto de urbanización conectar os finais da rede de distribución, en evitación de ramais cegos, unha vez realizado o dimensionamento para o número máximo de vivendas previstas no ámbito de actuación, así como posíbeis conexións ou ampliacións, e sendo conscientes de que nalgún caso a actual rede ten uns diámetros inferiores aos necesarios.

No entanto, convén lembrar que a ligazón das mallas previstas para o Sector RHT-1 conecta con canos de 110 mm. (rúa Dr. Ulloa), 125 mm. e presión de 15 cm. (estrada a Campo), o que permite abastecer unha poboación prevista de 860 habitantes (segundo a razón prevista no cálculo da capacidade de poboación recollida na Memoria Xeral e cun consumo de 280 l./hab.e día, o que supón 240.800 litros/día (240.800 m³), coa garantía actual de subministración, segundo os cálculos efectuados.

2) Rede de rega.

A rede de rega trazouse partindo das redes de subministración previstas, que serviron para abastecer os distintos distribuidores, que fornecen un número determinado de bocas de rega, recomendándose non sobrepasar máis de 12-13, e cuxa separación non sexa maior dos 40 metros.

Prevese a existencia de ramificacións do trazado principal para a rega de zonas verdes (parques, xardíns, xogos, etc...); porén, detallarase a súa situación na fase de proxecto de urbanización. Non obstante o recollido na documentación gráfica, no proxecto de urbanización deberase sinalar o aproveitamento das augas pluviais para a súa utilización para a rega, para o que se recomenda a creación de estanques nos espazos libres de uso e dominio públicos, dado o exceso de superficie destes con respecto ás previsións fixadas na LOUGA.

3) Rede de protección contra incendios.

Previuse a colocación de bocas de incendio en columna, cunha distancia non superior aos 200 metros. A súa situación aparece reflectida no plano de abastecemento.

4) Rede de saneamento.

Queda previsto o tipo separativo, seguindo as indicacións dadas no seu día polos Servizos Técnicos e informes de Augas de Galicia.

A canalización será de PVC UNE 53332 para diámetro de 315 mm., que é a maioritaria, mentres existen tramos de ligazón coas rúas Jaime Janer e República Arxentina de 400 mm. Intercálanse pozos de rexistro, de xeito que ningún tramo supere os 50 metros de longo.

As seccións mínimas serán as sinaladas en planos e a pendente máxima non superará o 5%, nin será inferior a 0'5%, creándose os pozos de resalto necesarios. O trazado é o que se reflicte no plano correspondente. Como se pode observar, o trazado da rede segue, en liñas xenerais, a pendente dos viais trazados, co fin de poderse conectar á rede existente, cun diámetro de 315 mm., o que permite evacuar unha

poboación dunhas 1.200 vivendas, cantidade moi superior á prevista para o Sector RHT-1. Con respecto da rede de pluviais, os diámetros son de 315 mm., excepto no norte, onde as conexións se efectúan a través dun diámetro de 300 mm., se ben a ligazón coa rede de Dr. Ulloa deberá ter un diámetro de 400 mm.

Na fase de redacción de proxecto, o promotor executará as redes necesarias para a súa evacuación ao actual sistema de depuración, colaborando nos custos de ampliación, se for necesario.

5) Rede eléctrica.

O Sector RHT-1 non se atopa atravesado por ningún tendido eléctrico. No entanto, en conformidade cos datos obtidos da compañía subministradora, obsérvase que pola rúa Doutor Ulloa pasa unha liña de media tensión (subterránea). Sí existe rede eléctrica no camiño que vai desde a rúa Doutor Ulloa cara ao norte, até a estrada a Campo.

Independentemente do trazado actual, creáronse unhas redes e centros de transformación que conectan coas xa existentes. No informe de Unión Fenosa indícase que para a edificación residencial, así como o uso industrial previstos no PXOM, deberanse crear tres novas liñas e unha subestación, o que xa se apuntou na Memoria Xeral. Sen embargo, e dado que os circuitos existentes poden abastecer o Sector RHT-1, prevíronse seis centros de transformación cuxa situación se reflicte nos planos correspondentes.

Por outra banda, e no tocante á iluminación pública, tívose en conta que deberá existir un dobre circuito en sistema trifásico con compensación de fases, así como a distancia entre luminarias.

Consideraranse as especificacións que a continuación se sinalan, así como as que a compañía subministradora poida exixir:

- Potencia mínima para vivendas maiores de 160 m² útiles9,20 Kw
- Potencia mínima para vivendas de menos de 160 m² útiles5,75 Kw

Os niveis mínimos de luminosidade serán os seguintes:

- Iluminación inicial 40 lux
- Iluminación en servizo..... 28 lux
- Uniformidade Xeral50 %

Todo o entramado de cabos, dentro do ámbito do Plan Parcial, será subterráneo, situándose o centro de transformación onde o sinala a compañía subministradora e os centros de mando en lugares accesíbeis, non suxeitos a servidume, e onde o indiquen os Servizos Técnicos Municipais correspondentes.

Atenderase ao indicado no art. 18 das Normas Urbanísticas sobre as medidas de aforro enerxético relativas ao baixo consumo, enerxías renovábeis ou alternativas e limpas.

Os Centros de Transformación deberán illarse das vivendas e zonas sensíbeis, o suficiente para cumprir coa Recomendación do Consello de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos (0Hz a 300 GHz).

6) *Rede de gas.*

Dada a inexistencia de zonas con rede de gas e sendo factíbel xa a súa conexión nestes momentos, obviouse esquematizar o sector, pois será, no seu día, a compañía subministradora a que indique se procede ou non a súa ramificación até Seixo.

7) *Residuos.*

Xestionaranse adecuadamente os distintos tipos de residuos e terras sobrantes durante a execución das obras de urbanización, polo que o correspondente proxecto deberá condicionar que a manipulación se faga por xestor autorizado, así como que o vertedoiro estea autorizado para a recepción de refugallos inertes, se non se adoptaren outras medidas como a recuperación de terreos degradados.

De igual maneira se actuará con respecto aos residuos de aparatos eléctricos ou electrónicos, así como cos residuos comerciais, consonte o sinalado no Art. 18 das Normas Urbanísticas

8) *Outros servizos.*

Como se sinala na introdución xeral, para os S.U.D., nos proxectos de urbanización, deberanse estudar e trazar as canalizacións necesarias para a instalación de telefonía e transmisións de información, co fin de que as distintas compañías poidan dar o servizo requirido.

3. Obxectivos e criterios da ordenación. O seu cumprimento, xustificación da solución proposta.–.

A ordenación proposta ten como primeiro obxectivo a creación dunha área que en si mesma cumpra as expectativas precisas para constituír unha zona residencial de desenvolvemento futuro e a curto prazo, cos servizos e dotacións necesarias para isto, integrada na trama urbana de Marín.

Valóranse fundamentalmente os seguintes aspectos concretos:

A integración do sector na trama urbana do municipio de Marín, procurando as conexións necesarias para isto, que, neste suposto, veñen determinadas polos arranques existentes na rúa Dr. Ulloa e nas que hai na estrada a Campo (EP-1202). Non obstante, polos motivos xa aducidos, propónse unha unión máis directa e ampla entre os citados viais.

A existencia dun S.X., propicia que os espazos libres previstos como Sistemas Locais se localicen preto dos primeiros, ao tempo que se amplía dito S.X..

O Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, desenvolve a Lei 37/2003 do 17 de novembro do Ruído, no referente á avaliación e xestión do ruído ambiental, que ten por obxecto a regulación da contaminación acústica para evitar e, no seu caso, reducir, os danos que poida provocar na saúde humana, os bens ou o medio. Entendendo como contaminación acústica a presenza no ambiente de ruídos ou vibracións, que impliquen molestia ou dano para as persoas, para o desenvolvemento das súas actividades ou para os bens de calquera natureza ou que causen efectos significativos no medio. Incorpóranse na lei as previsións básicas da Directiva 2002/49/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002, sobre avaliación e xestión de ruído ambiental.

Aplicase ao ruído ambiental ao que están expostos os seres humanos, en particular, en zonas urbanizadas, en parques públicos ou outras zonas tranquilas dunha aglomeración, en zonas tranquilas en campo aberto, nas proximidades de centros escolares, nos arredores de hospitais, e noutros edificios e lugares vulnerables ao ruído.

De acordo ao Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, que desenvolve a Lei 37/2003 do 17 de novembro, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas; establece que a delimitación territorial das áreas acústicas e a súa clasificación se basearán nos usos actuais ou previstos do solo. Polo tanto, a zonificación acústica dun termo municipal unicamente afectará ás áreas urbanizadas e aos novos desenvolvementos urbanísticos. Nestes tipos de áreas acústicas adoptaranse as medidas axeitadas de prevención para a contaminación acústica, en particular mediante a aplicación das tecnoloxías de menor incidencia acústica de entre as mellores técnicas dispoñibles. Os obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a estas son:

- Áreas urbanizadas existentes:

Se na área se supera o valor correspondente da táboa A presentada, o seu obxectivo será o de alcanzar o devandito valor.

Se non se supera, o seu obxectivo será o de non o superar.

- Resto de áreas urbanizadas: a non superación do valor da táboa A presentada, diminuído en 5 decibelios.
- Espazos Naturais delimitados: requiren especial protección contra a contaminación acústica polo que se establecerá para cada caso particular, atendendo a aquelas necesidades específicas dos mesmos que xustifiquen a súa clasificación.
- Zonas tranquilas en aglomeracións ou campo aberto: o de manter os niveis por debaixo dos da táboa A presentada diminuídos en 5 dB.

Considérase que se respectan os obxectivos cando para cada uns dos índices de inspiración de ruído L_d, L_e ou L_n, os valores cumpren, no período dun ano, que:

- Ningún valor supera os valores fixados en á presentada.
- O 97% de todos os valores diarios non superan en 3 dB os valores fixados na táboa.

Táboa A do Anexo II do RD 1367/2007: Obxectivos de calidade acústica para ruído aplicables a áreas urbanizadas existentes

Tipo de área acústica		Índices de ruído		
		Ld	Le	Ln
e	Sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que requira unha especial protección contra a contaminación acústica	60	60	50
a	Sectores do territorio con predominio de solo de uso residencial	65	65	55
d	Sectores do territorio con predominio de solo de uso terciario distinto do contemplado en c)	70	70	65
c	Sectores do territorio con predominio de solo de uso recreativo e de espectáculos	73	73	63
b	Sectores do territorio con predominio de solo de uso industrial	75	75	65
f	Sectores do territorio afectados a sistemas xerais de infraestruturas de transporte, ou outros equipamentos públicos que os reclamen.	Sen determinar		

De acordo á Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, que establece os ámbitos competenciais en materia de valoración da situación fónica, así como os seus prazos; a Administración Xeral do Estado, cuxas atribucións competenciais en materia de ruído en referencia ás infraestruturas da súa titularidade, a excepción da delimitación das áreas acústicas. No que respecta ao municipio de Marín non se aprobaron os Mapas Estratéxicos de Ruído das estradas VG-4.4, PO-313, PO-546, PO-551 e PO-11. Con respecto a esta última, cabe sinalar que o Ministerio de Fomento se ten un tramo analizado que é o correspondente ao municipio de Pontevedra dende a zona da saída da autoestrada (PKm-2) hasta o límite co termo municipal de Marín (PKm-4).

Nos devanditos Mapas quedan representados os indicadores e os intervalos seguintes:

- Mapa de niveis sonoros de Lden en dB, coa representación de liñas isófonas que delimitan os seguintes rangos: 55-59, 60-64, 65-69, 70-74, >75.
- Mapa de niveis sonoros de Lnoche en dB, coa representación de liñas isófonas que delimitan os seguintes rangos: 50-54, 55-59, 60-64, 65-69, >70.
- Mapa de niveis sonoros de Ldía en dB, coa representación de liñas isófonas que delimitan os seguintes rangos: 55-59, 60-64, 65-69, 70-74, >75
- Mapa de niveis sonoros de Ltarde en dB, coa representación de liñas isófonas que delimitan os seguintes rangos: 55-59, 60-64, 65-69, 70-74, >75

Sendo:

Lden = Índice de ruído día-tarde-noite: o índice de ruído asociado á molestia global.

Ld = Índice de ruído día: o índice de ruído asociado á molestia durante o período día (7:00 h-19:00 h).

Le = Índice de ruído tarde: o índice de ruído asociado á molestia durante o período tarde (19:00 h-23:00 h).

Ln = Índice de ruído noite: o índice de ruído asociado á molestia durante o período noite (23:00 h-7:00 h).

O Concello de Marín non posúe unha Ordenanza Municipal sobre Protección do Medio Contra a Emisión de Ruídos e Vibracións, que regula a actuación municipal para a protección do medio contra as perturbacións por ruídos e vibracións. Ata a derogación do Decreto 320/2002, do 7 de novembro, polo que se aprobaba o Regulamento que establecía as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, víñanse aplicando no ambiente exterior:

Situación Actividade	Nivel máximo en dB	
	Día	Noche
Áreas sanitarias, docentes, culturais o espazos protexidos	60	50
Áreas residenciais con servizos terciarios e non comerciais e sanitarios, etc.	65	55
Zonas comerciais	70	60
Polígonos industriais e de almacéns	75	65

Impacto sobre os niveis acústicos

O ruído é unha molestia xerada sobre os usuarios do municipio, derivada de actuacións e actividades diversas. Os niveis de ruído no ámbito, veranse incrementados co aumento do tráfico diario asociado ao crecemento poboacional estimado das persoas residentes, así como do aumento da mobilidade a lugares de ocio centros de actividade.

Como se expuxo anteriormente, o termo municipal de Marín é atravesado por importantes eixes viarios como son a estrada estatal PO-11, as estradas autonómicas VG-4.4, PO-313, PO-546, PO-551 e as correspondentes á rede provincial EP-0019, EP-1201 a EP-1206, sendo a menos importante destas últimas a EP-1205. O modelo que se desenvolve propón unha variante interior (sistema xeral), que osixene o tráfico interno así como unha estrutura viaria ramificada, potenciando a mellora das estradas locais e mellorando a mobilidade e accesibilidade dos núcleos. Son intervencións puntuais encamiñadas a mellorar a fluidez do tráfico e con iso a calidade de vida dos cidadáns. Non obstante na actualidade, e tomando como base o estudo efectuado para a estrada estatal PO-11, dáse unha afección sonora para uso residencial por enriba do límite establecido no tramo da zona urbana dende o límite con Pontevedra (PKm-4) ata o límite con Bueu (PO-11 e PO-551), véndose agravado o devandito aspecto no tramo da PO-11 pola zona urbana de Marín coas actividades do porto de Marín, ferrocarril e estaleiros.

Ademais do tráfico, outras fontes emisoras de ruído ambiental son o procedente de actividades industriais, os niveis sonoros propios da armazón urbana, así como os derivados da fase de execución de obras de calquera proxecto de construción que se desenvolva no municipio. A actividade da maquinaria e os labores construtivos de calquera obra supoñerán a perda do confort sonoro. Este incremento do ruído será puntual e deberanse establecer medidas paliativas ademais de cumprir coa normativa vixente en materia de ruído.

Estes niveis sonoros poden ser reducidos a través da instalación de métodos pasivos, en concreto pantallas acústicas, ou á realización de solucións complexas nas que se analice detalladamente a eficacia doutras alternativas no control do ruído como a limitación da velocidade do tráfico, etc.

Á hora de planificar os novos desenvolvementos, o equipo redactor tivo en conta as especificacións establecidas na Lexislación Vixente. Desta forma, no desenvolvemento daquelas localizacións nas que sexa previsible a superación dos niveis permitidos, estableceranse as medidas oportunas en prol de alcanzar os obxectivos de confort sonoros fixados.

De aí que se detectasen determinados impactos, para os que se establecen as seguintes estratexias de minimización de impactos:

- Incluir o ruído como elemento importante á hora de conceder licenzas para actividades.
- Establecemento de políticas que faciliten a adopción de medidas correctoras a locais e actividades que actualmente son responsables da contaminación acústica do municipio.
- Realizar campañas de control da contaminación acústica para poder identificar as principais fontes de emisión.
- Desenvolver campañas de sensibilización especialmente dirixidas aos cidadáns para lograr unha diminución dos niveis de ruído.

Na valoración cualitativa deste impacto é necesario diferenciar dúas fases, a de obras e a de explotación. Na primeira delas, o efecto é temporal, negativo, directo, reversible, recuperable, de aparición irregular, discontinuo e compatible. Na segunda, debido fundamentalmente ao aumento de tráfico e actividade industrial, o efecto será negativo, directo, permanente, reversible, de aparición irregular, discontinuo e moderado.

Como xa se comentou anteriormente, o novo plan urbano deseña unha serie de eixes viarios que supoñen unha mellora na accesibilidade e mobilidade actual. A rede redeseñar se co fin concretar os viais de sentido único, feito que na actualidade na maioría dos casos é sempre de dobre sentido. En xeral non se prevén importantes focos de concentración de vehículos ou tensións circulatorias, agás na travesía PO-11 ao seu paso por Marín e PO-551 tanto en Marín núcleo urbano como Seixo; é por iso, que se configurou dentro do que sería os ámbitos de novo desenvolvemento un vial de desconxestionamento da citada travesía, que permitirá o seu enlace coa EP-0019, o cal ofrece a alternativa de enlazar coa PO-313 e coa VR-4.4, lográndose que a nova malla viaria é suficiente e funcional e ordena o sistema de mobilidade urbana actual. Polo tanto, prevese que os impactos acústicos veñan asociados principalmente, ao aumento do tráfico diario polo novo crecemento poboacional, ao aumento da mobilidade a lugares de ocio- centros de actividade e a posta en marcha do sector produtivo SUD-PI.1, que supoñerá un aumento de tráfico de vehículos pesados. Este aumento de tráfico será especialmente notable na estrada VR-4.4 e PO-313. Outro aspecto a considerar serán as afeccións derivadas do sector SUD-pi-1 por incremento do tráfico pesado e das futuras actividades industriais sobre o espazo natural situado ao leste de ambas as dúas vías de circulación. A valoración deste impacto e as súas medidas de minimización incorporaranse no seu correspondente Plan Parcial.

Estes impactos poderían ser máis relevantes tras a análise pormenorizada da situación de cada sector, polo tanto, analízase e valora a continuación as afeccións ambientais mencionadas en determinados sectores de desenvolvemento a partir das vías de comunicación existentes e previstas:

Vial de nova creación no núcleo de Marín (circunvalación)

Vense afectados os solos urbanos non consolidados P-9, P-10, P-13, P-23 e P-33; o solo urbanizable delimitado R-1, os solos urbanizables non delimitados 1 e 2, así como o núcleo rural de Carregal-Casal.

A proximidade destes ámbitos ao devandito vial levará consigo unha afección acústica, tanto nos espazos residenciais, como espazos públicos, con impacto directo, simple, negativo, a curto-medio prazo, permanente e de aparición irregular e moderado

PO-551

Encóntranse dentro do seu ámbito de influencia os solos urbanos consolidados P-14 e P-15; os solos urbanizables PIC-1, RHT-1, DT-1, DT-2 e DT-3 e o solo urbanizable non delimitado 3. Non obstante, a maior influencia exercea sobre os núcleos rurais situados ao longo do seu percorrido (Bagüín, Modelo-Vilaseca, Maceiriña e Casás). Existen outros núcleos que, situados dentro dos ámbitos de afección, o seu maior grao desta corresponde a outros viais.

A situación é similar á descrita anteriormente; é dicir, cunha afección acústica con impacto directo, simple, negativo, a curto prazo, permanente, regular e moderado-alto.

PO-313

Quedan dentro das zonas de afección os solos urbanos non consolidados P-36, P-37 e P-38 e os núcleos rurais de Rosablanca, Macenlle-Pardacuiña, Pardavila-Fixón, ou Pozo, A Esperela, A Troncosa e Miñán.

A situación é similar ás descritas anteriormente para os núcleos rurais, sobre a base da súa proximidade á devandita vía de comunicación. O mesmo acontece para o S.U.N.C. P-36, o cal ve reforzada a zona de afección pola que vén da EP-0019. Non obstante, con respecto aos S.U.N.C. P-37 e S.U.N.C. P-38, ao contar con espazos libres de uso e dominio públicos, con carácter local e xeral, que actúan de separación natural e acústica entre as parcelas edificables residenciais, a súa afección vese mitigada. Haberá que ter en conta, non obstante, que este deseño será efectivo sempre e cando as zonas sexan replantados de vexetal con especies de porte arbóreo. Nestes dous S.U.N.C., o impacto valórase como directo, simple, negativo, a curto prazo, permanente, recuperable e compatible para este vial, dado que para o EP-0019 sería irregular e moderado.

PO-546

A antiga estrada de Marín a Pontevedra é, na actualidade, unha travesía cuxa circulación é a correspondente ao tráfico dun vial urbano. Non obstante, a súa afección abrangue os solos urbanos non consolidados P-6, P-8 e P-9, quedando amortecida pola pantalla de edificios e, no caso dos S.U.N.C. P-6 e S.U.N.C. P-8, polos espazos libres de uso e dominio públicos de carácter local, os cales deberán ser replantados de vexetal. O impacto será simple, negativo, a curto prazo, permanente, regular e moderado.

VR-4.4

A vía rápida pode dicirse que é de recente construción e que, na actualidade, se está a concluír a súa unión co tramo de Pontevedra, o que fará que o seu tráfico se vexa incrementado. A súa influencia repercute no solo urbanizable delimitado PT-1 e nos núcleos rurais da Agrela, Macenlle-Pardacuiña, Pardavila-Fixón, Sobreiras, Currás, Ameal.Oubiña, A Torre, Bexa, Xermade, Xuncal, Maceiriña, Malvido e Vilaseca. Non obstante, dado o seu trazado recente, con viadutos e en trincheira, a súa afección é menor. Non obstante, polo exposto ao principio, cabe indicarse que o impacto será directo, simple, negativo, a curto prazo, permanente, regular e moderado.

En canto ás vías de comunicación de carácter provincial, salientar que un dos viais cun tráfico irregular ou restrinxido que máis pode verse alterado é o EP-0019, sobre a base do vial de desconxestionamento da PO-11, tal e como consta no apartado da circunvalación.

EP-0019

Quedan dentro da súa zona de afección os núcleos rurais Carballal, San Xulián, Agrela, Outeiro e Bouza, cun impacto directo, simple, negativo a curto prazo, permanente, irregular e moderado.

EP-1201

Este vial que vai dende o núcleo urbano de Marín ao Alto de Castro, ten, dentro do seu ámbito de influencia, aos núcleos rurais de Cidrás, Moreira, Porteliña e o solo urbano non consolidado P-35. O seu impacto é directo, simple, negativo a curto prazo, permanente, irregular e moderado.

EP-1202 e EP-1203

Neste vial hai que indicar que a súa maior afección se produce dende Seixo ata o seu enlace co vial EP-1203. É por iso que parece procedente analizar os dous viais simultaneamente. No seu ámbito de influencia encontramos os solos urbanizables delimitados RHT-1 e RHT-2, así como os núcleos rurais de Ameal, Rúanova, Sobreiras e Pardavila-Fixón. Existe unha afección acústica con impacto directo, simple, negativo a medio prazo, permanente, irregular e moderado.

Os viais provinciais 1204 a 1206 son viais que, partindo da PO-551, van ás praias de Mogor, Aguite e Loira, polo que o seu impacto se produce por motivos turísticos e/ou climáticos, non tendo incidencia a EP-1205.

EP-1204

Dentro da súa zona de influencia encóntranse os solos urbanos non consolidados P-14, P-15 e PERI-1, así como o núcleo rural de Loira. O seu impacto é directo, simple, negativo, a curto prazo, permanente, irregular e moderado.

EP-1206

No seu ámbito de afección encóntrase o solo urbano no consolidado P-39, o solo urbanizable non delimitado 5 e o núcleo rural de Aguete, sendo o seu impacto similar ao da EP-1204.

Por último, procede indicar que a PO-11 ten un impacto importante, non só pola circulación existente, senón pola proximidade da existencia do ferrocarril e as actividades portuarias, entre elas, a dos estaleiros. A situación actual fai que a fronte residencial teña pola mañá e tarde un impacto directo, composto negativo, a curto prazo, permanente, regular e alto. É por iso que as medidas a ter en conta pasan pola posibilidade do soterramento do citado vial, a reconfiguración do porto sobre a base do seu Plan Especial e a creación do Polígono Industrial de Pornado.

Mantemento da Calidade Acústica.

A Organización Mundial da Saúde establece que o nivel de ruído admitido en zonas urbanas non ha de superar os 55 dB(A) durante o día e os 45 dB(A) durante a noite (de 22 h a 7 h). Estes niveis de ruído, deberían adoptarse como referencia de calidade sónica, fundamentalmente nas categorías de solos urbanos e urbanizables do municipio.

Ningunha instalación, establecemento, actividade ou comportamento poderá transmitir a locais lindantes niveis sonoros, unha vez deducido o ruído de fondo, superiores aos que se indicaron nesta xustificación, á espera dunha ordenanza municipal sobre protección do medio contra a emisión de ruídos e vibracións. Do mesmo xeito, tamén deberá cumprirse tales limitacións nas obras e traballos de construción, modificación, reparación ou derrubamento de edificios, así como nas que se realicen na vía pública. Tal e como se establece nesta deberanse adoptar as medidas necesarias para evitar que os ruídos emitidos excedan dos niveis acústicos fixados para a respectiva zona.

Para tal efecto, nos proxectos de vialidade deberíase ter en conta o seguinte:

- Limitar a velocidade de circulación dos vehículos a 50 km/h nas vías interurbanas (vías de comunicación xeral) e a 30 km/h nas vías de carácter intraurbano (accesos ás zonas residenciais, etc.).
- Estudar con detalle o trazado dos accesos ás zonas residenciais, co obxectivo de reducir ao máximo o impacto acústico sobre as vivendas e ámbito.
- Utilizar pavimentos asfálticos sonoro-absorbentes en zonas de maior sensibilidade (vías próximos a urbanizacións ou a equipamentos de uso público).
- Utilizar sistemas de pantallas acústicas naturais e/ou artificiais en zonas próximas a edificacións: pequenos amontoamentos de terra, franxas de vexetación de porte arbustivo ou arbóreo, ou ben pantallas acústicas artificiais.

Recóllense a continuación na seguinte táboa as medidas preventivas e correctoras específicas a determinados sectores de desenvolvemento, podendo afirmarse que entre un 20% a un 30% das vivendas teñen problemas de ruído.

Polígono	IMPACTO	MEDIDA
<u>S.U.N.C. P-9,</u> <u>S.U.N.C. P-10,</u> <u>S.U.N.C. P-13,</u> <u>S.U.N.C. P-23,</u> <u>S.U.N.C. P-33,</u> <u>S.U.D. R-1,</u> <u>S.U.N.D. 1,</u> <u>S.U.N.D. 2, v</u> <u>Núcleo Rural de</u> <u>Carregal-Casal</u>	Intrusión acústica por proximidade do novo vial que fai a circunvalación norte do núcleo urbano de Marín.	Os proxectos de edificación incluírán medidas especiais de illamento acústico en peches e ventás, así como calquera outra medida que se considere necesaria para paliar a intrusión acústica nos edificios. Así mesmo, incluíranse medidas específicas de illamento acústico en todas as zonas de espazos libres e equipamentos, en forma de pantallas vexetais, susceptibles de verse afectadas pola intrusión acústica
<u>S.U.N.C. P-14,</u> <u>S.U.N.C. P-15,</u> <u>S.U.D. PIC-1,</u> <u>S.U.D. RHT-1,</u> <u>S.U.D. DT-1,</u> <u>S.U.D. DT-2,</u> <u>S.U.D. DT-3,</u> <u>S.U.N.D. 3 y</u> <u>Núcleo Rurales de</u> <u>Bagüin, Moledo-</u> <u>Vilaseca, Maceiriña y</u> <u>Casás</u>	Intrusión acústica por proximidade do vial PO-551.	Os proxectos de edificación incluírán medidas especiais de illamento acústico en peches e ventás, así como calquera outra medida que se considere necesaria para paliar a intrusión acústica nos edificios. Así mesmo, incluíranse medidas específicas de illamento acústico en todas as zonas de espazos libres e equipamentos, en forma de pantallas vexetais, susceptibles de verse afectadas pola intrusión acústica
<u>S.U.N.C. P-36,</u> <u>S.U.N.C. P-37,</u> <u>S.U.N.C. P-38 y</u> <u>Núcleos Rurales de</u> <u>Rosablanca, Macenlle-</u> <u>Pardacuiña, Pardavila-</u> <u>Fixón, O Pozo, A</u> <u>Esperela, A Troncosa y</u> <u>Miñan</u>	Intrusión acústica por proximidade do vial PO-313.	Os proxectos de edificación incluírán medidas especiais de illamento acústico en peches e ventás, así como calquera outra medida que se considere necesaria para paliar a intrusión acústica nos edificios. Así mesmo, incluíranse medidas específicas de illamento acústico en todas as zonas de espazos libres e equipamentos, en forma de pantallas vexetais, susceptibles de verse afectadas pola intrusión acústica
<u>S.U.N.C. P-6,</u> <u>S.U.N.C. P-8 y</u> <u>S.U.N.C. P-9</u>	Intrusión acústica por proximidade do novo vial PO-546.	
<u>S.U.D. P-1 y Núcleos</u> <u>Rurales de Agrela,</u> <u>Macenlle-Pardacuiña,</u> <u>Pardavila-Fixón,</u> <u>Sobreiras, Currás,</u> <u>Ameal-Oubiña, A Torre,</u> <u>Bexa, Xermade, Xuncal,</u> <u>Maceiriña, Malvido y</u> <u>Vilaseca</u>	Intrusión acústica por proximidade do vial VR-4.4.	Os proxectos de edificación incluírán medidas especiais de illamento acústico en peches e ventás, así como calquera outra medida que se considere necesaria para paliar a intrusión acústica nos edificios. Así mesmo, incluíranse medidas específicas de illamento acústico en todas as zonas de espazos libres e equipamentos, en forma de pantallas vexetais, susceptibles de verse afectadas pola intrusión acústica Por proximidade ao acceso de Marín e polígono industrial, adoptaranse medidas de illamento visual e acústico en forma de pantallas vexetais ao longo de todo o perímetro de contacto, ao obxecto de garantir as condicións de confort urbano.
<u>Núcleos Rurales de</u> <u>Carballal, San Xulián,</u> <u>Agrela, Outeiro y Bouza</u>	Intrusión acústica por proximidade do vial EP-0019.	Os proxectos de edificación incluírán medidas especiais de illamento acústico en peches e ventás, así como calquera outra medida que se considere necesaria para paliar a intrusión acústica nos edificios. Así mesmo, incluíranse medidas específicas de illamento acústico en todas as zonas de espazos libres e equipamentos, en forma de pantallas vexetais, susceptibles de verse afectadas pola intrusión acústica
<u>S.U.N.C. P-35 y</u> <u>Núcleos Rurales de</u> <u>Cidrás, Moreirola y</u> <u>Porteliña</u>	Intrusión acústica por proximidade do vial EP-1201.	
<u>S.U.D. RHT-1,</u> <u>S.U.D. RHT-2 y Núcleos</u> <u>Rurales de Ameal,</u> <u>Ruanova, Sobreiras y</u> <u>Pardavila –Fixón.</u>	Intrusión acústica por proximidade dos viais EP-1202 EP-1203.	
<u>S.U.N.C. P-14,</u> <u>S.U.N.C. P-15,</u> <u>P.E.R.I. 1 y Núcleo Rural</u> <u>de Loira</u>	Intrusión acústica por proximidade do vial EP-1204.	
<u>S.U.N.C. P-39,</u> <u>S.U.N.D. 5 y Núcleo</u> <u>Rural de Aquete</u>	Intrusión acústica por proximidade do vial EP-1206.	

Polígono	IMPACTO	MEDIDA
<u>S.U.D. P.I.-1</u>	Impacto acústico sobre o solo rústico de protección aos espazos naturais	O plan de desenvolvemento deste polígono (Plan Parcial) incluíra un estudo acústico que permita valorar as afeccións do incremento do tráfico pesado e das futuras actividades industriais sobre os espazos naturais determinando no seu caso as medidas preventivas e correctoras necesarias para protexer o devandito espazo natural. O futuro Plan Parcial correspondente deberá valorar os impactos asociados á actividade industrial con especial atención á repercusión das actividades máis contaminantes, incluíndo contaminación acústica e deberá fixar medidas as preventivas oportunas.
<u>Porto de Marín e Ría de Pontevedra</u>	Impacto acústico sobre o solo rústico de protección aos espazos naturais Intrusión acústica por proximidade do vial PO-11 e o ferrocarril.	O plan de desenvolvemento deste ámbito (Plan Especial) incluíra un estudo acústico que permita valorar as afeccións do tráfico pesado, incluído ferrocarril, e das actividades industriais sobre o solo urbano existente determinando no seu caso as medidas preventivas e correctoras necesarias para protexer o solo urbano xa existente. O plan especial correspondente deberá valorar os impactos asociados á actividade industrial con especial atención á repercusión das actividades máis contaminantes, incluíndo contaminación acústica e deberá fixar medidas as preventivas oportunas. Os proxectos de edificación incluírán medidas especiais de illamento acústico en peches e ventás, así como calquera outra medida que se considere necesaria para paliar a intrusión acústica nos edificios. Así mesmo, incluíranse medidas específicas de illamento acústico en todas as zonas de espazos libres e equipamentos, en forma de pantallas vexetais, susceptibles de verse afectadas pola intrusión acústica.
<u>Aeroporto de Vigo</u>	Impacto acústico sobre o solo rústico de protección aos espazos naturais	O plan derivado do Plan Director do Aeroporto de incluíra un estudo acústico que permita valorar as afeccións sobre os espazos naturais determinando no seu caso as medidas preventivas e correctoras necesarias para protexer o devandito espazo natural.

PLAN DE SEGUIMIENTO AMBIENTAL	
Control de las medidas de calidad acústica	
Actuaciones	
- Realizar un control dos niveis acústicos naqueles sectores próximos á Vía Rápida V.R.-4.4 e estradas PO-551, PO-313, EP-0019 e EP-1201 a EP-1206, agás a EP-1205. Así mesmo na antiga PO-546 e vial de nova apertura (circunvalación norte de Marín) e polígonos lindantes a solos industriais, tanto en edificios como zonas de espazos libres e equipamentos. Corroborar a funcionalidade das medidas de illamento visual e acústica, tales como pantallas vexetais, naqueles polígonos e núcleos máis problemáticos - Verificar o emprego de pavimentos asfálticos sonoro-absorbentes en zonas de maior sensibilidade - Verificar que o plan de desenvolvemento específico do sector industrial SUD P.I.-1, inclúa un estudo acústico que valore as afeccións do incremento de tráfico pesado e outras molestias sobre o solo rústico de protección a espazos naturais e comprobar que se establecen as mediadas axeitadas. - Verificar o cumprimento da normativa aplicable para potencias acústicas e niveis de emisión sonoros nas novas instalacións, establecementos, actividades e traballos de construción. - Controlar o estado e o mantemento da maquinaria e vehículos de obra. - Solicitar a ficha de Inspección Técnica de Vehículos de todas maquinálas que participen nas obras. - Verificar que os traballos construtivos se realizan no horario axeitado. - Analizar o uso de transporte público - Comprobar a eficacia das medidas dirixida a mitigar o tráfico así como a funcionalidade dos novos viais no sistema viario territorial.	
Lugar de inspección y periodicidad del control	
Fases de proxecto, construción e funcionamento das distintas actuacións. A periodicidade durante as fases de obra será semanal-quincenal e durante o funcionamento das instalacións mensual-trimestral.	
Parámetros de control y umbrales	
% de poboación a niveis sonoros superiores aos recomendados pola OMS; Superficie gravada por servidumes acústicas; Superficie de áreas acústicas que non cumpre cos obxectivos de calidade acústica para ruído co plan proposto e poboación residente nas mesma.	
Documentación	
Os resultados das inspeccións recolleranse nun informe final unha vez finalizado a fase de construción e outro anual e durante os 12 anos que dure o plan.	

Achégase plano de zonificación.

8. MEMORIA justificativa da sostibilidade económica

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA SOSTIBILIDADE ECONÓMICA

Sobre a base do sinalado no artigo 152 do R.D. Legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo, procédese á redacción da presente xustificación, a cal está moi relacionado co Estudo Económico Financeiro presentado, *"debendo ponderarse, en particular o impacto ou repercusión das Facendas públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do uso que se destine a usos produtivos."* (O novo Dereito do Solo. DAPP Publicacións Xurídicas. 2.007).

Do Estudo Económico-Financeiro e a súa programación pode indicarse que o Plan Xeral é viable e tamén pode dicirse que é sostible economicamente, por canto se ben neste non se incluíron as partidas correspondentes ao mantemento previsible do desenvolvemento do P.X.O.M., tamén é certo que tampouco se tiveron en conta as partidas derivadas dos ingresos por licenzas, I.B.I., etc., correspondente a ese mesmo desenvolvemento.

Do plan proposto, obtéñense os seguintes datos:

- 1.309.884,62 m² de espazos libres de uso e dominio públicos, que a un custo de 0,60 €/m² ano, temos a cantidade de **785.930,77 euros/ano**.
- 395.384,25 m² de viais de nova creación, o que supón un terzo dos existentes, polo que o custo do mantemento vén a supoñer un custo anual de **85.000 euros**.

Por outra parte as novas infraestruturas manteríanse cunha achega mínima do 10% (contribucións especiais), non obstante, usando o mesmo criterio que o apartado G do punto 2.4 do Estudo Económico-Financeiro (60%), obtemos un gasto xa capitalizado de **3.057.205,37 euros**. Así mesmo, deberanse ter en conta os seguintes aspectos, como:

Control Ambiental, verificando a correcta execución do plan, sobre a base das determinacións establecidas no P.X.O.M. e I.S.A.; supervisando os estudos ambientais e de integración paisaxística necesarios, previos á execución dos proxectos de urbanización e edificación, así como aos plans ou programas de desenvolvemento que puidesen xurdir; efectuando o seguimento dos informes de control ambiental levados a cabo no desenvolvemento das obras, así como o traballo de campo consistente na certificación in situ de de todas as determinacións contempladas no Programa de Seguimento Ambiental e os estudos particulares, cun control periódico de parámetros ambientais en prol de analizar a evolución de cada un deles na medida que se vai executando o plan.

Dada a frecuencia dos traballos, estímase un custo anual de **25.000 euros**.

Medición acústica dun xeito periódico nos puntos máis sensibles e conflitivos, tanto de día coma de noite. O seu importe anual (visitas e informe) estímase en **3.000 euros**.

Revexetación, actuando en áreas degradadas ou susceptibles de erosión, así como ribazo, destinando para iso unha cantidade de **12.000 euros**, todo iso no primeiro cuatrienio, sendo a súa capitalización de **14.586,08 euros**.

Se temos en conta, o exposto, a cantidade total de gastos sobre a base do novo desenvolvemento ao cabo de 12 anos será de **17.447.834,03** euros.

Agora ben, se temos en conta os ingresos por licenzas durante os anos de desenvolvemento do plan xeral en canto aos solos urbanos non consolidados e urbanizables delimitados, sobre a base do sinalado nos Cadros XVII.1 a XVII.3 e Cadro IV.3 da Memoria do P.X.O.M. obtéñense os seguintes datos:

	1 Cuadrenio	2 Cuadrenio	3 Cuadrenio
Aproveitamento a RG	144.403,87 m ²	489.166,40 m ²	44.631,33 m ²
Vc del aproveitamento	3.227.426,49 €	10.932.869,04 €	997.510,23 €
Vc capitalizado	3.922.957,08 €	16.152.826,88 €	1.791.385,05 €
Total Ingresos			21.867.169,01 €

Como pode observarse, tendo en conta só as licenzas (sobre a base do prezo de construción fixado no apartado B) do Capítulo II do Estudo Económico Financeiro), do citado solo obtéñense un superávit de 4.419.334,98 euros.

Podemos sinalar que o P.G.O.M. proposto para o termo municipal de Marín ademais de viable é sostible economicamente.

9. MEMORIA justificativa da viabilidade ambiental do S.U.D. P.I.-1

VIABILIDADE AMBIENTAL DO DESENVOLVEMENTO DO S.U.D. P.I.-1

O sector de solo urbanizable de uso industrial SUD P.I.-1 previsto no PXOM de Marín presenta limitacións de carácter ambiental para o seu desenvolvemento. Estas limitacións están determinadas pola afección parcial do denominado espazo natural Montes do Morrazo, recollido nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento provinciais, e pola presenza de elementos catalogados do patrimonio arqueolóxico.

Na análise da aptitude ambiental para a urbanización realizado no marco do Informe de Sostibilidade Ambiental descríbese a natureza destas afeccións. A confluencia destas dúas restricións de uso valorouse como unha forte restrición á urbanización. Así, o espazo delimitado como urbanizable industrial presentaba un 18,4% da súa superficie como de aptitude “moi baixa” para a urbanización, un ámbito que comprende a área de respecto ambiental do patrimonio arqueolóxico.

A superficie afectada exclusivamente polo espazo natural denominado Montes do Morrazo, tipificada como de “baixa” aptitude ambiental para a urbanización supón o 16% do urbanizable delimitado. En conxunto, a suma das superficies de “baixa” e “moi baixa” aptitude supón o 35% deste espazo industrial.

Respecto aos Montes do Morrazo, é necesario sinalar que este espazo non se encontra dentro de ningunha das categorías que conforman a Rede de Espazos Protexidos de Galicia, non estando incluído polo tanto dentro da Rede Natura. Tampouco está recollido este enclave como espazo natural no marco das Directrices de Ordenación do Territorio. Non obstante, a importancia de carácter territorial e paisaxístico dos Montes do Morrazo é evidente, e posiblemente fose relevante no marco dun posible Plan Territorial Integrado que afectase á comarca.

A importancia dos Montes do Morrazo é fundamentalmente de carácter bioxeográfico, derivada da súa dimensión e integridade espacial. Neste sentido, a súa afección por este urbanizable sería moi escasa xa que afectaría a unha pequena zona situada no límite deste enclave natural. Polo tanto o seu valor ambiental non se vería afectado xa que a fragmentación de hábitat é a ameaza principal deste tipo de espazos de valor bioxeográfico.

Ademais, dentro deste urbanizable estas superficies de baixa e moi baixa aptitude ambiental para a urbanización se localizan nos bordes S e SW, polo que estas superficies serían facilmente integrables no planeamento de desenvolvemento como áreas de amortecemento e zonas verdes.

Por último, é necesario sinalar que este urbanizable é o único de carácter estritamente industrial recollido no PXOM de Marín. Outras alternativas que se valoraron ao longo do proceso de planificación urbanística foron descartadas, ben por determinacións dos órganos ambiental ou sustantivo, ou ben pola necesidade de consensuar o PXOM e dotalo da maior lexitimidade.

En canto á orientación deste urbanizable industrial, está destinado a ser un apoio loxístico ás actividades do Porto de Marín, tanto pola súa proximidade como pola boa comunicación que supón a nova variante. Ademais, neste solo urbanizable están previstas dotacións de servizos básicos relacionados coa xestión do ciclo da auga e a distribución de enerxía.

En consecuencia, para garantir a viabilidade deste solo urbanizable industrial é necesario que o seu planeamento de desenvolvemento contemple as restricións existentes de carácter ambiental e integre no seu deseño os elementos naturais e culturais a conservar. A este respecto, o seu desenvolvemento deberá someterse a un procedemento de avaliación ambiental.

Documento redactado en xullo de 2012 para os efectos do Texto Refundido correspondente á FASE X.

Por:

(Nalgunha anterior fase, colaborou L. M. MATEO FERNÁNDEZ, Avogada e R. SERRANO NOTIVOLI, Xeógrafo);

Miguel Ángel MARTÍNEZ MONTENEGRO, Xeógrafo; Marcelino SÁENZ MONTENEGRO, Enxeñeiro C.C.P.; Gonzalo LÓPEZ MÁRQUEZ, Biólogo; Ignacio AZCÁRATE SEMINARIO e Carlos ARDID POSADA, Arquitectos e

José Ignacio DE CABO PASCUAL

Director e Coordinador